ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.14.01)





4.3.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de cento noventa mil euros (190.000,00 €) entre conceptos orzamentarios correspondentes ao capítulo VI, dos programas de gasto 551A e 713D, da Consellería do Medio Rural. O obxecto desta modificación é contar cos fondos propios necesarios para financiar a asistencia da Consellería do Medio Rural á Feira Internacional de Planta e Flor, Paisaxismo, Tecnoloxía e Bricoxardín (IBERFLORA), que se celebrará en Valencia do 1 ao 3 de outubro de 2019.

4.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..713D.6401	Plan especial promoción agroalimentaria	2011.00693	1010	N	190.000,00	0,00

4.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.05..551A.7600	A Corporacións Locais	2017.00084	1010	N	190.000,00	0,00





5. AMPLIACIÓN/BAIXA

5.1. EXPEDIENTE AB-05-002-19

(Código exp. CODEX AB-2019-177-00300002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral da Igualdade (001.05.11)

5.1.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 45.986,33 € dende a aplicación 05.11.313D.4700 (2018 00112) para o capítulo I do programa 131A da Dirección Xeral de Xustiza, co obxecto de financiar as cotas sociais do persoal técnico das oficinas de atención ás vítimas e desenvolver varias das medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

5.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.22..131A.16000	Seguridade Social	2018.00112	3010	N	45.986,33	78.833,71

5.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.11..313D.4700	Fomento acceso mercado laboral vítimas violencia de xénero	2018.00112	3010	N	45.986,33	78.833,71

5.2. EXPEDIENTE AB-06-003-19

(Código exp. CODEX AB-2019-187-00300001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Facenda (001.06)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio. (001.06.01)

5.2.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 11.267,51 euros dende a aplicación 06.01.611A.227.06 "estudos e traballos técnicos " á aplicación 06.04.612A.160.25 para poder atender a cofinanciación do 20% necesaria da xeración de crédito (Referencia XC-2019-187-00100010) en curso do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 " Seguridad social persoal interino.Execución programas extraordinarios de carácter temporal"

5.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	06.04..612A.16025	Seguridade social execución programas extraordinarios de	2016.00044	1020	S	11.267,51	0,00

5.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	06.01..611A.22706	Estudos e traballos técnicos	2015.00190	1010	N	11.267,51	0,00

5.3. EXPEDIENTE AB-07.81-002-19

(Código exp. CODEX AB-2019-54-00300001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	IET (111)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

5.3.1. Descrición





Ampliación de crédito por importe de cincocentos corenta e un euros e dezaseis céntimos (541,16€), no capítulo I do programa 541E do orzamento de gastos do Instituto de Estudos do Territorio, co obxecto dotar de fondos suficientes o subconcepto 16000 "Cotas sociais. Seguridade Social" para executar a sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela do 15/03/2019, que estima a demanda dun traballador relativa ao complemento de antigüidade.

Para financiar esta ampliación de crédito minorase o capítulo II do programa 541E do orzamento de gastos do Instituto de Estudos do Territorio.

5.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
111	10	07.81..541E.16000	Seguridade social.	2016.00001	1010	N	541,16	0,00

5.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
111	10	07.81..541E.22000	Ordinario non inventariable.	2015.00001	1010	N	541,16	0,00

5.4. EXPEDIENTE AB-07.83-002-19

(Código exp. CODEX AB-2019-58-00300001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	IGVS (201)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

5.4.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO na aplicación 07.83.451A.484.0 e BAIXA na 07.83.451A.460.0 do estado de gastos do orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo para o ano 2019, por importe de mil trescentos euros (1.300 €), co fin de dotar a aplicación para o pago da seguridade social das/os bolseiras/os necesaria para poder establecer as bases reguladoras e convocar oito bolsas de formación e especialización en materia de vivenda para o ano 2019.

5.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
201	10	07.83..451A.4840	Seguridade Social bolsas	2019.00010	1010	N	1.300,00	3.700,00

5.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
201	10	07.83..451A.4600	Centros Rexurbe-Oficinas de rehabilitación	2017.00007	1010	N	1.300,00	3.700,00

5.5. EXPEDIENTE AB-08.A1-002-19

(Código exp. CODEX AB-2019-3-00300001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AGI (302)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

5.5.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 959.050,00 €, dende a aplicación 08.A1.512B.741.01 á aplicación 08.A1.512B.600.3 código de proxecto 2012 00012, da Axencia galega de Infraestruturas, para levar a cabo expedientes de expropiacións de obras en materia de estradas.

5.5.2. Partidas orzamentarias de destino





COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIBIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
302	10	08.A1..512B.6003	EXPROPIACIÓN EN MATERIA DE ESTRADAS	2012.00012	1010	N	959.050,00	0,00

5.5.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIBIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
302	10	08.A1..512B.74101	SOCIEDADE PUBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA	2010.00266	1010	N	959.050,00	0,00

5.6. EXPEDIENTE AB-12-002-19

(Código exp. CODEX AB-2019-211-00300001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Sanidade (001.12)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.12.01)

5.6.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo IV, programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Consellería de Sanidade para o ano 2019, por importe de 1.591,60 €, con destino a transferencias de financiamento ao Servizo Galego de Saúde. A transferencia ten por finalidade axustar na Consellería de Sanidade os gastos de financiamento do Servizo Galego de Saúde, segundo a execución dos gastos no organismo.

5.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIBIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.43007	Servizo Galego de Saúde	2016.00409	1710	S	1.591,60	0,00

5.6.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIBIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.73007	Servizo Galego de Saúde	2016.00409	1710	S	1.591,60	0,00

5.7. EXPEDIENTE AB-12.80-001-19

(Código exp. CODEX AB-2019-59-00300001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SER GAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

5.7.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo I, programa 411A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, por importe de 7.958,00 €, con destino a seguridade social. A ampliación ten por finalidade dotar crédito no orzamento do centro 5001, Servizos Centrais, para dispor do crédito necesario para o aboamento das cotas da seguridade social do persoal interino que está realizando actividades para a execución do proxecto Código 100.

5.7.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIBIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..411A.16025	Seguridade Social. Execución programas extraordinarios de	2016.00034	1710	S	1.591,60	0,00
103	50	50.01..411A.16025	Seguridade Social. Execución programas extraordinarios de	2016.00034	4710	S	6.366,40	0,00

5.7.3. Partidas orzamentarias de orixe





COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..411A.6400	Gastos en investimentos de carácter	2016.00034	1710	S	1.591,60	0,00
103	50	50.01..411A.6400	Gastos en investimentos de carácter	2016.00034	4710	S	6.366,40	0,00

5.8. EXPEDIENTE AB-14-004-19

(Código exp. CODEX AB-2019-221-00300001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (001.14.04)

5.8.1. Descrición

Ampliación de crédito por un importe de 1.181,48 € correspondente ao programa de gasto 561A derivada da ampliación de crédito no capítulo I do AGACAL con baixa no capítulo VI, realizada en relación co contrato dunha traballadora do proxecto de investigación PLURIFOR.

5.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..561A.43210	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	2017.00043	1010	N	1.181,48	0,00

5.8.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..561A.73210	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	2015.00636	1010	N	1.181,48	0,00

5.9. EXPEDIENTE AB-14.A2-002-19

(Código exp. CODEX AB-2019-12-00300002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AGACAL (409)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

5.9.1. Descrición

Ampliación de crédito por un importe total de MIL CIENTO OITENTA E UN EUROS CON CUARENTA E OITO CÉNTIMOS (1.181,48 €) entre conceptos dos capítulos VI e I, do programa 561A do vixente orzamento de gastos para o exercicio 2019 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Esta ampliación de crédito ten por obxecto dotar de orzamento a aplicación orzamentaria 14.A2.561A.16000 necesario para financiar a parte de fondos cofinanciadores dos remanentes de crédito a incorporar para o pago da seguridade social da traballadora contratada ao abeiro do proxecto de investigación PLURIFOR.

5.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.16000	Seguridade Social	2017.00004	1010	N	1.181,48	0,00

5.9.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.6400	Proxectos Estratéxicos de Interese Agacal, Centros de I+D+I	2014.00010	1010	N	1.181,48	0,00

5.10. EXPEDIENTE AB-14.A2-003-19

(Código exp. CODEX AB-2019-12-00300001)





ENTIDADE / CONSELLERIA	AGACAL (409)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

5.10.1. Descrición

Ampliación de crédito por un importe total de NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (918,82 €) entre conceptos dos capítulos VI e I, do programa 561A do vixente orzamento de gastos para o exercicio 2019 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Esta ampliación de crédito ten por obxecto dotar de orzamento a aplicación orzamentaria 14.A2.561A.16000 necesario para financiar a parte de fondos cofinanciadores dos remanentes de crédito a incorporar para o pago da seguridade social da traballadora contratada ao abeiro do proxecto de investigación WETWINE.

5.10.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.16000	Seguridade Social	2017.00003	1010	N	918,82	0,00

5.10.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.6400	Proxectos Estratéxicos de Interese Agacal, Centros de I+D+I	2014.00010	1010	N	918,82	0,00





6. AMPLIACIÓN

6.1. EXPEDIENTE AM-05.80-002-19

(Código exp. CODEX AM-2019-52-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	EGAP (101)
ÓRGANO XESTOR	ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

6.1.1. Descrición

Ampliación de crédito polo importe de 34.299,00€, na aplicación 05.80.122B.226 17 da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para a formación continua incluída no pacto de Estado contra a violencia de xénero.

6.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	05.80..122B.22617	Cursos de formación	2019.00001	3010	N	34.299,00	0,00

6.2. EXPEDIENTE AM-07.81-004-19

(Código exp. CODEX AM-2019-54-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	IET (111)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

6.2.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de oitenta e seis mil cincocentos sesenta e oito euros e trinta e sete céntimos (86.568,37€) nos capítulos II e VI do programa 541E do orzamento de gastos do Instituto de Estudos do Territorio, co obxecto de desenvolver as actividades do proxecto europeo "Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Valorización e innovación. GEOARPAD", aprobado no ámbito do Programa INTERREG V A España – Portugal (POCTEP) 2014-2020 e financiado nun 75 % por fondos FEDER.

Esta ampliación ten como orixe unha xeración de crédito polo mesmo importe na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

6.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
111	10	07.81..541E.22000	Material de oficina.Ordinario no inventariable	2018.00001	1020	S	329,98	0,00
111	10	07.81..541E.22000	Material de oficina.Ordinario no inventariable	2018.00001	5410	S	989,93	0,00
111	10	07.81..541E.6401	Gastos en inversións de carácter inmaterial.	2018.00001	1020	S	12.172,86	0,00
111	10	07.81..541E.6401	Gastos en inversións de carácter inmaterial.	2018.00001	5410	S	73.075,60	0,00

6.3. EXPEDIENTE AM-09.A3-004-19

(Código exp. CODEX AM-2019-4-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	GAIN (304)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

6.3.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO DO PROXECTO NANOEATERS





A Axencia Galega de Innovación solicita unha ampliación de crédito por importe de cento cincuenta e un mil catro euros con corenta e seis céntimos (151.004,46€), na aplicación orzamentaria 09.A3.561A.640.1, como consecuencia da aprobación no proxecto Nanoeaters dunha modificación orzamentaria sustancial para o exercicio 2019, por parte da Secretaría Conxunta do Programa Interreg V-A España- Portugal (POCTEP) 2014-2020, o que supón un incremento do orzamento de dito proxecto.

6.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
304	10	09.A3..561A.6401	Proxectos europeos	2019.00002	5410	S	151.004,46	0,00

6.4. EXPEDIENTE AM-12.A1-011-19

(Código exp. CODEX AM-2019-127-00100012)

ENTIDADE / CONSELLERIA	ACIS (308)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

6.4.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO, no capítulo 2, programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para o ano 2019, por importe total de 1.150 €, procedentes dunha transferencia de crédito do SERGAS por importe de 1.150 € coa finalidade de financiar actividades formativas na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

6.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
308	10	12.A1..411A.22617	Cursos de formación	2019.00007	1010	N	1.150,00	0,00





7. AMPLIACIÓN/BAIXA

7.1. EXPEDIENTE AB-00-046-19

(Código exp. CODEX AB-2019-229-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Gastos de diversas consellerías (001.23)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda. (001.23.01)

7.1.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 11.616,00 € na aplicación orzamentaria 23-01-621A-202 "Alugamentos e canons de edificios e outras construción", proxecto 2008 00620 que se financia con cargo á aplicación 14-01-711A-221.03, proxecto 2012 00728 (Consellería de Medio Rural), co obxecto de facer fronte ao aluguer dunha nave en Pereiro de Aguiar para a instalación dun punto de encontro á par que faga as veces de almacén e garaxe do parque móbil para o Distrito Forestal XII Miño-Arnoia.

7.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.01..621A.202	Alugamentos e canons edificios e outras construcións	2008.00620	1010	N	11.616,00	11.616,00

7.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.01..711A.22103	Subministracións. Combustibles	2012.00728	1010	N	11.616,00	11.616,00

7.2. EXPEDIENTE AB-00-047-19

(Código exp. CODEX AB-2019-179-00200010)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.05.21)

7.2.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de CINCOCENTOS TRINTA E OITO MIL EUROS (538.000 €) na aplicación orzamentaria 05.21.121A.625.0 un importe de 72.000€; na aplicación 05.21.121A.626.0 un importe de 96.000€ e na aplicación 05.21.121A.632.0, un importe total de 370.000€ distribuídos do seguinte xeito: no código de proxecto 2015 00131 un importe de 230.000€ (ADECUACIÓN DE ESPAZOS ADMINISTRATIVOS) e no código de proxecto 2017 00106 un importe de 140.000€ (REHABILITACIÓN DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO BENITO CORBAL (PONTEVEDRA)) aos efectos de levar a cabo os proxectos destinados á mellora nas oficinas de asistencia en materia de rexistro, acondicionamento das plantas superiores do edificio administrativo situado na rúa Benito Corbal (Pontevedra), acondicionamento do salón de actos da delegación territorial de Ourense e substitución das fiestras do Pazo de Raxoi en Santiago de Compostela.

7.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.21..121A.6250	MELLORA DO EQUIPAMENTO DOS ESPAZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	2019.00072	1010	N	72.000,00	0,00
001	11	05.21..121A.6260	MELLORA DO EQUIPAMENTO DOS ESPAZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	2019.00072	1010	N	96.000,00	0,00
001	11	05.21..121A.6320	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS	2015.00131	1010	N	96.941,32	0,00
001	11	05.21..121A.6320	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS	2015.00131	2011	N	133.058,68	0,00
001	11	05.21..121A.6320	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS	2017.00106	1010	N	140.000,00	0,00

7.2.3. Partidas orzamentarias de orixe





COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.01..621A.6221	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	2015.00623	1010	N	404.941,32	0,00
001	12	23.02..621B.6530	OTRAS INFRAESTRUTURAS	2015.00628	2011	N	133.058,68	0,00

7.3. EXPEDIENTE AB-00-048-19

(Código exp. CODEX AB-2019-171-00200010)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral da Presidencia. (001.04.10)

7.3.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo VII, do orzamento de gastos da Secretaría Xeral da Presidencia, con correlativa ampliación no capítulo VI da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, con baixa de crédito no capítulo VI, do orzamento de gastos da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e no capítulo VII da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como financiadora, por un importe de 400.000,00 euros, con base no acordo de colaboración entre a Cª Economía, Emprego e Industria, a AXI e a AMTEGA, para o financiamento e sustentabilidade do proxecto de modernización tecnolóxica da infraestrutura dos sistemas de información de emprego de Galicia.

7.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.10..571A.73200	Transferencias de capital	2014.00682	3010	N	400.000,00	0,00
303	10	04.A1..571A.6260	Equipamentos para procesos da información	2012.00149	3010	N	400.000,00	0,00

7.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	26	08.01..621A.73204	Transferencias de capital á AXI	2017.00105	3010	N	400.000,00	0,00
302	10	08.A1..621A.6321	Edificios e outras construcións	2018.00010	3010	N	400.000,00	0,00

7.4. EXPEDIENTE AB-00-049-19

(Código exp. CODEX AB-2019-215-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Política Social (001.13)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. (001.13.02)

7.4.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 80.000,00 € na aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.0 (código de proxecto 2015 00472) con baixa na aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 (código de proxecto 2015 00647) para financiar os convenios de mediación intraxudicial nas cidades de Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña e Ferrol.

7.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.02..312B.4810	TRANSFERENCIAS A INSTITUCIÓNS SIN ANIMO DE LUCRO. CONVENIO	2015.00472	1010	N	80.000,00	0,00

7.4.3. Partidas orzamentarias de orixe





COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.22..131A.4810	TRANSFERENCIAS A INSTITUCIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS	2015.00647	1010	N	80.000,00	0,00

7.5. EXPEDIENTE AB-00-051-19

(Código exp. CODEX AB-2019-170-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consello da Cultura Galega (001.03)
ÓRGANO XESTOR	Consello da Cultura Galega. (001.03.01)

7.5.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO POR IMPORTE DE CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00.-) PROCEDENTES DA SECRETARIA XERAL DE EMIGRACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CONXUNTAS RELACIONADAS COA EMIGRACIÓN GALEGA.

7.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	10	03.01..111D.6400	Investimento de carácter inmaterial	2015.00031	1010	N	50.000,00	0,00

7.5.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.30..312C.6400	Accións de sensibilización ámbito migratorio	2015.00036	1010	N	50.000,00	0,00

7.6. EXPEDIENTE AB-00-053-19

(Código exp. CODEX AB-2019-179-00200011)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.05.21)

7.6.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de SETECENTOS NOVENTA E TRES MIL EUROS (793.000,00 €) para situar nos orzamentos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a achega da Axencia Galega de Infraestruturas para levar a cabo os proxectos destinados á reforma do interior do edificio administrativo de San Caetano, así como a rehabilitación da envolvente térmica e outras medidas de eficiencia enerxética do edificio posterior esquerdo (edificio dos espellos)

7.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.21..121A.6320	Adecuación de espazos administrativos	2017.00109	1010	N	150.000,00	0,00
001	11	05.21..121A.6320	Adecuación de espazos administrativos	2019.00002	1010	N	643.000,00	0,00

7.6.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	26	08.01..512B.73204	Transferencias á Axencia Galega de Infraestruturas	2016.00357	1010	N	793.000,00	0,00
302	10	08.A1..512B.74101	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	2010.00266	1010	N	793.000,00	0,00





8. IMPREVISTOS

8.1. EXPEDIENTE TR-23-009-19

(Código exp. CODEX TR-2019-230-00400003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Gastos de diversas consellerías (001.23)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Planificación e Orzamentos. (001.23.02)

8.1.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de trinta e un mil cincuenta e cinco euros e oitenta e seis céntimos (31.055,86 €), do programa 621B "imprevistos e función non clasificadas", á aplicación orzamentaria 06.01.612A.640.2, co obxecto de atender á contratación de asistencias técnicas en materia do PEG

8.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	06.01..612A.6402	Asistencias Técnicas	2019.00071	1010		31.055,86	0,00

8.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.6501	Outras Infraestruturas	2017.00038	1010		31.055,86	0,00





9. AUTORIZACIÓN CONSELLEIRO

9.1. EXPEDIENTE TR-05-051-19

(Código exp. CODEX TR-2019-183-00200002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (001.05)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Emerxencias e Interior. (001.05.25)

9.1.1. Descrición

Transferencia de crédito da dirección xeral de Emerxencias e Interior dende a partida orzamentaria 05.25.212A.222.00 "Comunicacións Telefónicas" á 05.25.212A.214 "Reparacións, Mantemento e Conservación. Material de transporte" por importe 50.000 €, para dar cumprimento as necesidades xurdidas en canto a funcións e operatividade coa implantación do "Plan de obxectivos da UPA".

9.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.25..212A.214	Reparacións, mantemento e conservación. Material de Transporte	2015.00086	1010	N	50.000,00	0,00

9.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.25..212A.22200	Comunicacións. Telefónicas	2015.00086	1010	N	50.000,00	0,00

9.2. EXPEDIENTE TR-15-027-19

(Código exp. CODEX TR-2019-223-00200003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería do Mar (001.15)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.15.01)

9.2.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de vinte e cinco mil euros (25.000,00€) dentro do capítulo II do programa 721A do orzamento de gastos da Consellería do Mar, para dotar os conceptos de subministración de enerxía eléctrica, comunicacións postais, e xurídicos e contenciosos.

9.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	19	15.01..721A.22100	enerxía eléctrica	2015.00606	1010	N	12.000,00	0,00
001	19	15.01..721A.22201	postais	2015.00606	1010	N	2.157,00	0,00
001	19	15.01..721A.22603	xurídicos, contenciosos	2015.00606	1010	N	10.843,00	0,00

9.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	19	15.01..721A.231	locomoción	2015.00606	1010	N	25.000,00	0,00



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

O Informe de Fiscalización da Responsabilidade Patrimonial do Sergas, presentado polo Consello de Contas ante o Parlamento de Galicia en xullo de 2019, evidencia un aumento das reclamacións e sentenzas por responsabilidade patrimonial derivadas da actuación do Sergas, entre os anos 2011 e 2017.

Así, sinala o informe que “as reclamacións con pretensións indemnizatorias experimentaron un notable crecemento, tanto no seu número como na contía reclamada, observándose unha tendencia crecente á súa xudicialización; iso induce, nalgunha medida, á práctica dunha medicina defensiva por parte dos facultativos que non sempre redunda en beneficio do paciente”, prescribindo o persoal sanitario máis probas diagnósticas das necesarias "coa finalidade de protexerse ante as posibles reclamacións que se formulen".

Sinala o informe que esta fiscalización “ten como antecedente outra referida ao ano 20081. A problemática e incidencias descritas no informe que recolle os seus resultados persisten na actualidade, sen que se teña producido un cambio significativo da situación”. Así, persisten limitacións á fiscalización por “falta de homoxeneidade e fragmentación excesiva da información dispoñible nas distintas unidades xestoras”, a falta de esforzo por acurtar os prazos de tramitación dos expedientes de reclamación ou a incapacidade para dar alternativas que eviten a xudicialización excesiva, como a “celeridade na súa resolución, de compensación



dos danos de pequena entidade e de resposta efectiva á cidadanía, no marco dun proceso asistencial de calidade”.

O SERGAS editou en 2011 o documento “Sistema de Seguridade do Paciente e Xestión dos Riscos Sanitarios do modelo corporativo de xestión integrada da calidade do Sergas”, unha guía que, como sinala o Consello de Contas, “para o seguimento e avaliación dos indicadores non existe unha plataforma específica, obténdose a información a través das memorias anuais, os informes de auditorías periódicas, os indicadores de seguridade do cadro de mandos SIAC/ATENEA, os indicadores do SNS, o SiNASP e os rexistros do programa de enfermaría hospitalaria GACELA”.

Sobre a notificación de incidentes a través do SiNASP, o Consello de Contas indica as seguintes limitacións, “unha boa parte dos incidentes e eventos adversos non son notificados, debido, entre outras causas, ao seu carácter voluntario, ao aumento da carga de traballo, á desaprobación ou á perda de reputación e á incerteza sobre a súa efectividade.

Esta voluntariedade da notificación de efectos adversos é unha dificultade para obter unha información exhaustiva e, conseguintemente, para unha mellor prevención de riscos.

Na análise das reclamacións, das cales, entre 2011 e 2016 foron presentadas 1.233 reclamacións por danos derivados da asistencia sanitaria en centros do Sergas ou concertados, o maior volume de reclamacións afecta á asistencia prestada no ámbito hospitalario “destacan as relativas a centros concertados en proporción ao seu nivel de actividade”.

O tipo de causas de dano alegado para a reclamación que máis aumento experimentou foi a “falta de información” e as causas máis común son “mala praxe” (39,6%), “erro ou atraso no diagnóstico” (24,1%) e “erro ou atraso terapéutico” (12,7%).



O importe reclamado ascende a 177.302.720 euros, sendo a media anual de 29.550.453 euros.

En canto ao procedemento do rexistro das reclamacións, sinala o Consello de Contas que “non existe homoxeneidade” en canto á recollida da data de rexistro da mesma, “nalgúns casos procésase neste campo a entrada da solicitude en calquera dependencia do ámbito sanitario, pero noutros, recolle a recepción da reclamación na correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade e do Sergas, unha vez remitida, ás veces con certo atraso, desde as distintas institucións do Sergas ou departamentos da Consellería”.

Continúa o informe sinalando que “no 26% dos expedientes a data de inicio atribúese ao mesmo día de presentación da reclamación, o que contribúe a axilizar a tramitación. Porén, nun 12% dos casos transcorre un período de ata 3 días, nun 35% un intervalo de entre 4 e 10 días, e nun 25% entre 10 días e un mes, chegando, en dous supostos a superar o ano.”

Tamén existe demora e heteroxeneidade en canto ao tempo agardado para a incorporación e rexistro no programa informático de xestión de expedientes. Asemade, a demora tamén existe no procedemento de nomeamento de instrutor, que debería estar no prazo máximo de cinco días desde o inicio do procedemento. “Con bastante frecuencia este trámite demórase inxustificadamente, o que contribúe á prolongación innecesaria da tramitación”, sinala o informe. “Tan só no 23% dos expedientes a fase de instrución comeza no prazo establecido; no 35% experimenta un atraso entre os 6 días e un mes e nun 39% supérao”.

Tamén se demora a comunicación á persoa reclamante, que debe ser nos dez días seguintes ao nomeamento de instrutor. “Con frecuencia este trámite preceptivo dilátase, ás veces significativamente, paralizando o procedemento de xeito inxustifico”.



O tempo medio de instrución de expedientes chegou aos 179 días e tan só o 32% das reclamacións se instruíron en menos de tres meses, mentres que nun 58% delas o tempo medio de instrución estimado foi de 202 días e nun 10% superouse amplamente o ano.

En canto á duración de todo o procedemento, o informe sinala que “a tramitación de ao redor do 2% dos expedientes rexistrados no período 2015-2016 e resoltos expresamente tivo unha duración de máis de dous anos, mentres que é superior ao ano outro 24%” e que “os expedientes que, no momento de remisión da información (xullo 2017), figuraban sen data de resolución supoñen o 61% dos rexistrados no período”.

Así, o tempo medio de resolución (suma dos correspondentes ás fases de incoación, de instrución, ditaminadora e de finalización) é de 444 días.

O informe advirte sobre a xudicialización das reclamacións de menor contía, "unha forma pouco eficiente de resolvelas ao levar asociados importantes custos de representación e defensa xurídica que, nalgúns casos, se aproximan ou mesmo exceden do importe das indemnizacións", sinala. “No período 2011-2017 o custo medio das indemnizacións en vía xudicial foi de 79.767 euros fronte aos 18.934 euros que representa o custo medio das indemnizacións en vía administrativa”.

Polo anteriormente exposto, a deputada que subscribe, pregunta á Xunta de Galicia:

- Vai o Sergas asumir as recomendacións do Consello de Contas en relación á unha mellor integración dos sistemas informáticos e homoxeneidade dos datos procesados para facer bo seguimento estatístico das reclamacións?
- Que vai facer o Sergas para reducir os prazos de tramitación dos expedientes de reclamación?



- Vai o Sergas establecer algún mecanismo que permita avaliar o seguimento específico da guía “Sistema de Seguridade do Paciente e Xestión dos Riscos Sanitarios do modelo corporativo de xestión integrada da calidade do Sergas”?
- Que opina o Sergas de que o aumento da carga de traballo sexa unha das causas da non notificación de boa parte dos incidentes e eventos adversos?
- Que medidas vai tomar o Sergas ante a análise dos datos sobre as causas de dano alegado para a reclamación?
- Como vai o Sergas afrontar o aumento das reclamacións por danos no Sergas? Vai asumir as recomendacións do Consello de Contas?
- Vai o Sergas estandarizar o método de recollida da data da reclamación, evitando a demora por parte de determinadas xerencias territoriais?
- Como vai o Sergas evitar as demoras na tramitación dos expedientes de reclamación e as disparidades neste eido?
- Que vai facer o Sergas para evitar a xudicialización das indemnizacións por danos de menor contía?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:





Paula Vázquez Veroa na data 30/07/2019 14:21:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes preguntas para a súa **resposta oral na comisión 5ª**.

Fai xa moito tempo que o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, amosa importantes deficiencias na dotación tanto de infraestruturas como de persoal.

A ampliación levada a cabo pola Xunta de Galicia estivo xa no seu inicio marcada por unha mala xestión como o propio retraso da obra. Actualmente, a situación amosase moi lonxe de mellorar e as carencias que deberan ser solucionadas agudízanse producindo un situación insostible tanto para pacientes como para persoal.

O persoal leva bastante tempo manifestándose para que a consellería solucione esta situación que desborda totalmente.

En relación ás infraestruturas resulta especialmente grave a situación na Unidade de Coronaria, que xa tivo que ser denunciado á Inspección de Traballo o estado do chan, por parte do Sindicato Comisións Obreiras, pois supón un perigo tanto para traballadores como para persoas enfermas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Cando ten pensado o Goberno solucionar estas deficiencias?
- Cal é o motivo de manter o chan da Unidade nesta situación?
- Non considera o Goberno que esta situación supón un risco para traballadores e persoas enfermas?

Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2019





Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/07/2019 11:54:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes preguntas para a súa **resposta oral na comisión 5ª**.

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, que pertence ao Grupo Nosa Terra XXI e que xestiona o Hospital privado do mesmo nome, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación das condicións son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora das mesmas para a empresa e un custo para o Servizo Galego de Saúde, xunto cun endurecemento das condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Neste ano, o rexistro dun precurso de acreedores serviu como presión para a negociación dunhas novas condicións que remataron coa aceptación de máis recursos públicos para POVISA.

O Consello de Contas acaba de emitir un informe de fiscalización do concerto, no que advirte literalmente da falta de transparencia no desenvolvemento do proceso de negociación, da non xustificación da forma de cálculo ou do valor estimado do contrato, informacións que unidas á falta de transparencia nas propias contas da empresa ou o retraso no depósito das mesmas en plenas negociacións, resultan bastante alarmantes tendo en conta o gasto que supón este





concerto sanitario para as arcas públicas ou a dependencia que ten a Área sanitaria de Vigo das súas prestacións.

Ademais, o Consello de Contas recomenda ao Sergas facer un análise das prestacións sanitarias que permita unha idónea comparativa co coste por paciente en centros públicos, o que obrigaría a unha maior eficacia e eficiencia na provisión pública da sanidade e por suposto unha maior transparencia, requisitos imprescindibles que non están a facerse.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguintes PREGUNTAS:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia da actual situación?
- Ten pensado a Xunta de Galicia seguir renegociando as condicións do concerto con POVISA?
- Que valoración fai a Xunta de Galicia das Consideracións do Consello de Contas?
- Como ten pensado levar a cabo as súas recomendacións?
- Ten coñecemento a Xunta de Galicia sobre a información do gasto na atención pública e privada do Hospital?
- Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a utilización do persoal do hospital e da asistencia sanitaria por parte da empresa, á hora de esixir máis recursos públicos?
- Que valoración lle merece á Xunta de Galicia a redución de camas e instalacións públicas do SERGAS na Área sanitaria de Vigo?
- Non considera a Xunta de Galicia esta xestión económica de POVISA, unida ás longas listas estruturais das que adoce, resultan un indicativo da inviabilidade de manter concertos sanitarios de xeito estrutural?
- Teñen estudado algunha fórmula para non depender do concerto sanitaria con POVISA na prestación sanitaria da Área de Vigo?





Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/07/2019 12:34:55



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A falla de previsión na área sanitaria do Complexo Hospitalario de Pontevedra ten provocado esta pasada fin de semana unha situación de colapso nas urxencias do Hospital Montecelo, en Pontevedra.

A orixe deste problema está na xa denunciada falla de suficiente persoal médico nos centros de saúde e nos PAC (como exemplo, no PAC de A Parda, en Pontevedra, só hai 2 médicos -debería haber 3- e, ás veces, cando hai un traslado por emerxencia, só queda un médico). O anterior provoca que as persoas doentes vaian ao servizo de Urxencias do Hospital de Montecelo, incrementando o número de persoas que xa é moita neste servizo, tamén polo peche de camas hospitalarias que acordou a Consellería de Sanidade e que orixina un tapón por non haber camas dispoñibles para as persoas que se atopan en Urxencias agardando para ingresar en planta. A realidade así o manifesta: O pasado venres, as persoas marcadas coas triaxes amarelas (prioritarias) agardaron 6 horas para seren atendidas, chegando a haber 49 persoas pendentes de pasar a un box ás 10 da noite. O mesmo ocorreu o sábado: 61 persoas pasaron por Urxencias entre as 10 da mañá e o comezo da tarde.

Imposible de entender por que a Consellería non abre as camas pechadas e non contrata, de maneira definitiva, máis persoal. Tamén imposible de crer que, segundo o informe que fixo público, o domingo quedasen 11 camas libres de área médica nos hospitais provincial e Montecelo, ademais de 4 camas de coronarias libres, 6 camas para coidados críticos, 15 de obstetricia, 28 de pediatría e 11 camas cirúrxicas. Supoñemos que as dúbidas serían despexadas na visita que o conselleiro fixo a Montecelo o pasado luns.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno da Xunta de Galicia do colapso nas urxencias do Hospital Montecelo, en Pontevedra, esta pasada fin de semana?



2. Recoñece o Goberno que a orixe destes colapsos está na falla de suficiente persoal médico nos centros de saúde e na súa decisión de pechar camas hospitalarias polo verán?
3. Cales son os motivos polos que a Consellería de Sanidade non abre as camas pechadas e non contrata, de maneira definitiva, máis persoal médico e sanitario?

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/07/2019 13:16:46

Julio Torrado Quintela na data 31/07/2019 13:16:56

Noela Blanco Rodríguez na data 31/07/2019 13:17:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

A necesidade de infraestruturas e servizos públicos en materia de atención ás persoas maiores e dependentes no noso país é un problema crecente. O avellentamento poboacional non se está a acompañar da dotación de máis recursos públicos. Así, 7.800 persoas agardan en Galicia por unha praza nun centro público.

Neste contexto, cando o edificio do antigo hospital Cíes de Vigo quedou baleiro logo da apertura do hospital Álvaro Cunqueiro un dos usos que se reclamou socialmente foi o aproveitamento por parte da Xunta para colocar nesta infraestrutura un centro de día/residencial para maiores.

O edificio é propiedade da Tesourería, polo que desde o noso grupo demandamos desde o inicio que a Xunta reclamara ao Goberno Central a vontade de seguir facendo uso do mesmo, neste caso para un uso socisanitario.

Cando en maio de 2017 tivemos coñecemento da poxa do edificio Xeral Cíes, instamos á Xunta de Galicia a realizar as xestións necesarias para adquirir o edificio e poder destinar o mesmo a cubrir as demandas sanitarias ou sociosanitarias da zona, garantindo o carácter e a xestión pública das mesmas, así como da propia infraestrutura.

Sen embargo, a Xunta de Galicia desbotou esta idea sen ter nin sequera un estudo e a apesares da elevada necesidade de dispositivos para as persoas maiores.





Agora, unha vez máis vemos como o patrimonio público remata en mans privadas tras o anuncio de que o edificio será usado por unha mutua, en lugar de servir ao interese público e máxime nunha zona na que existe unha gran demanda tanto sanitaria como sociosanitaria por cubrir.

No caso da sociosanitaria, o Sindicato Nacional das Comisións Obreiras, ten calculado que se poderían cubrir ata 98 prazas para persoas maiores e dependentes, destinando a ese uso este edificio, unha necesidade para un área que conta con 88.000 maiores de 65 anos e so 604 prazas en centros e residencias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Por que desaproveitou o Goberno a oportunidade de ter utilizado o edificio para cubrir as demandas sociosanitarias da zona?
- Que valoración fai o Goberno de que sexa agora unha entidade privada a que finalmente faga uso dunha infraestrutura pública que podería ter sido empregada para uso sociosanitario?

Santiago de Compostela, a 1 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:





Eva Solla Fernández na data 01/08/2019 10:53:45



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Dende os anos 80, no CEIP Barcelos en Pontevedra hai un transformador eléctrico que, dando servizo a aquel, ao aparcadoiro da praza, aos comercios e ás vivendas que están na zona supostamente fora revisado a finais de 2018. Moitos anos tamén son os que a ANPA do colexio leva pedindo á Consellería de Educación que o saque (ten recibido da ANPA varias peticións de retirada).

A ninguén se lle escapa que un transformador de tensión nun colexio é un perigo. No mes de decembro do pasado ano, cando ían ser as 2 da tarde, comezou a cheirar a queimado, polo que os mestres decidiron sacar aos nenos á praza; 10 minutos despois, rexistrouse un incendio nesta instalación, un cortocircuíto na rede de baixa tensión. Quedaron sen luz a praza de Barcelos, os comercios de toda a mazá e medio colexio. Iso si, o enxeñeiro que compareceu por Fenosa (agora Naturgy) dixo que non había perigo e que o ían arranxar. As verbas foron as seguintes: *“Existe vontade de ambas partes de retranquear o transformador”*, *“O que sucedeu o martes foi un incidente sen gravidade e o transformador é completamente seguro, está perfectamente controlado e cumpre con todos os requisitos de seguridade”* (non hai ningún criterio técnico ou de seguridade que obrigue a retiralo da súa ubicación actual), *“Tería que asumir o custe da obra o solicitante”*.

Segundo esta empresa, era preciso facer primeiro, dende as administracións, unha solicitude formal de reubicación e proposición de novo emprazamento, sendo os técnicos os responsables de analizar a solución a adoptar e, logo de estudar o cambio de situación e elaborar o proxecto técnico para retiralo, sería a Consellería de Industria a que dese a autorización pertinente para a execución da obra, pois foi a consellería a que autorizou a alta deste transformador no seu día.

Pois ben, chegados á final do curso 2018-2019, o transformador segue a estar no mesmo sitio, a obra foi presupostada polo Concello de Pontevedra, pero Naturgy non fixo o proxecto técnico prometido e o Goberno galego mira cara outro lado.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Para a descatalogación parcial dun espazo incluído en Rede Natura 2000, a competencia recae na Xunta de Galicia e concretamente na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Á vista destes datos, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia, a través das consellerías competentes, avaliar a descatalogación parcial dun espazo contiguo ou próximo o Polígono Industrial da Madanela, suficiente para ampliación do solo industrial?

2ª) Considera que no caso de non ser ampliable o Polígono da Madanela, procede o estudio doutra área do concello para asegurar a oferta de solo que permita reter a inversión industrial neste concello?

3ª) Entende a urxencia de dotar a este concello de máis superficie industrial ante a dispoñibilidade de tan só tres parcelas de tamaño limitado no actual polígono da Madanela?

4ª) Que accións inmediatas pensa levar a cabo, e en colaboración co Concello de Melide, para dar unha solución a esta demanda local de solo industrial?

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2019 13:30:24

María Luisa Pierres López na data 01/08/2019 13:30:40

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/08/2019 13:30:56



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

No concello de Cerceda hai un centro residencial e de día que foi inaugurado no ano 2015 que conta con 22 habitacións para persoas residentes e 42 prazas de centro de día. As prazas de residencia están ocupadas na súa totalidade desde a apertura do centro, sendo as do centro de día máis variables (actualmente 16 persoas).

O centro consta de 22 habitacións, 13 baños, sala, comedor, ximnasio e cabinas para tratamentos e ten unha dotación de persoal de 1 directora, 1 psicóloga, 1 terapeuta ocupacional, 1 educadora social, 1 enfermeira, 4 PSX e 11 xerocultores/as.

A xornada de traballo está distribuída de luns a venres en quendas de mañá e tarde, quedando os noites cubertas por unha única persoa (xerocultor/a) en todo o centro e con servizos mínimos durante as fins de semana (un só PSX).

Con esta dotación de persoal, calquera incidencia durante a noite obriga a ter que acudir a algún número de emerxencia, e no caso dalgunha incidencia do persoal que traballa no centro calquera día, como pode ser unha baixa médica ou a disposición dun día libre, supón que o resto do persoal ten que substituír a este traballador/a aínda estando en horas libres ou de vacacións, o que se traduce nunha inexistente conciliación da vida laboral e familiar ademais dunha carga de estrés que pode repercutir na calidade do servizo prestado.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Ten coñecemento a Consellería de Política Social desta situación?
- 2ª) Que valoracións fai dela?
- 3ª) Cal é a solución que a Consellería de Política Social vai adoptar para darlle solución a este problema?





Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2019 13:32:04

Noela Blanco Rodríguez na data 01/08/2019 13:32:23

Julio Torrado Quintela na data 01/08/2019 13:32:39



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Na referencia aos medios do Consello da Xunta de Galicia desenvolvido o 28 de febreiro de 2019, comunícase que a Consellería de Economía, Emprego e Industria presentou un informe sobre a Estratexia galega da responsabilidade social empresarial (RSE) e a convocatoria dos Premios RSE Galicia 2019.

O Consello da Xunta informou sobre “a nova folla de ruta de responsabilidade social empresarial (RSE) ata 2021” que contará cun orzamento de 50 millóns de euros para fomentar compromisos económicos, ambientais e sociais nas compañías, administracións e grupos de interese.

Do mesmo xeito, infórmase de que a iniciativa conta con tres retos para crear empresas, administracións e unha sociedade con valores para acadar cinco obxectivos:

- 1ª) Incrementar nun 15 % o nivel de coñecemento da RSE nas empresas galegas.
- 2ª) Aumentar nun 65 % o número de firmas cun alto grao de implementación da RSE.
- 3ª) Incrementar nun 25 % os plans de igualdade.
- 4ª) Reducir nun 25 % a fenda de xénero das persoas empregadas.
- 5ª) Acadar un crecemento do 15 % na oferta de contratos públicos que inclúan cláusulas sociais.

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é o contido completo do informe sobre a Estratexia galega da responsabilidade social empresarial (RSE) e a convocatoria dos Premios RSE Galicia 2019?



2ª) Desde cando está publicado este informe no portal de transparencia ou no portal de RSE da Xunta de Galicia?

3ª) Cales son as razóns polas que o Goberno galego non ten achegado o dito informe ao Parlamento de Galicia?

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2019 13:33:53

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/08/2019 13:34:13



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6ª.

A capacidade exportadora dun territorio é un factor fundamental para avaliar a súa competitividade e a súa capacidade para ter un crecemento económico sostido no tempo. O que quere dicir que é un factor básico para xerar emprego de calidade e asegurar a sustentabilidade do sistema de protección social.

Nun contexto de desaceleración do crecemento exportador no conxunto de España, a economía de Galicia mantivo no ano 2018 un ritmo exportador destacado. Mentres en España as exportacións xa medran por baixo da media da zona euro ou da UE, en Galicia seguen a medrar por riba deses espazos económicos.

No ano 2018, o crecemento das exportacións galegas foi dun un 4,9 %, inferior ó do ano anterior, pero superou a media da UE e do conxunto de España, que quedou no 3,2 %. Este bo resultado débese sobre todo ao dinamismo exportador do sector da automoción, mentres que o sector téxtil presenta un lixeiro descenso.

Este bo balance exportador no último ano, presenta na nosa opinión, un dato que nos parece negativo e extremadamente importante; o do número de empresas exportadoras. Aínda que o seu número medrou nun 8,1 %, o conxunto de España acadou o 26,5 %, unha intensidade tres veces maior.

Así, para igualar o peso que temos no PIB de España precisamos incorporar máis de 3.000 novas empresas exportadoras, de xeito especial fóra da UE e cara os países emerxentes. Este horizonte significa incrementar o número de empresas exportadoras nun 40 %.

A acción pública da Xunta de Galicia neste ámbito é na opinión dos socialistas relativamente escasa e pouco coordinada, centrada na publicidade e na propaganda e con déficits moi importantes no apoio directo ás empresa, especialmente ás Pemes.



Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera a Xunta de Galicia que incrementar o número de empresas exportadoras debería ser un obxectivo fundamental nas políticas de apoio empresarial?
2. Ten avaliado nos últimos anos o Igape os resultados obtidos polos seus programas de internacionalización?
3. De ser así, cal ten sido o resultado desa avaliación?
4. Ten feito o Igape unha avaliación dos resultados en termos de incorporación de novas empresas aos mercados internacionais?
5. Detectouse algún problema de funcionamento e operatividade nestes programas?

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2019 13:35:40

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/08/2019 13:36:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

Colexios farmacéuticos e profesionais están a informar dunha situación de falta de abastecemento de determinados medicamentos nas farmacias galegas. Existen en Galicia alo menos 50 medicamentos con dificultades de subministro que se agravan cada día.

En moitos casos, son medicamentos esenciais para o tratamento de enfermidades como pode ser o caso do Adiro, que é recitado para persoas que sufriron un infarto de miocardio ou unha anxina de peito coa finalidade de evitar trombos, os ansiolíticos e depresivos ou outros de uso moi habitual como o ibuprofeno.

Informan dende os Colexios profesionais que o protocolo que están a seguir é a substitución por un equivalente e non caso de que non exista posibilidade remiten aos profesionais de medicina para que determinen a posibilidade de cambiar o tratamento. Neste sentido, denuncian tamén como esta situación pode afectar a persoas maiores ou polimedicadas, nas que o cambio de medicamento ou tratamento pode levar a confusión.

Esta situación, apunta a un problema en relación ao prezo na adquisición dos medicamentos, existindo laboratorios que ofertan moi a baixa e que despois non garante o subministro e outros que prefiren vender os medicamentos a outros países que os pagan máis caros. O que apunta a que orixe do problema é a lóxica mercantilista na que se moven moitos dos laboratorios farmacéuticos.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Dende cando ten o Goberno coñecemento desta situación?
- Que medidas ou xestións ten realizado o Goberno galego en relación a este problema?
- Cal é a solución que se plantexa dende o Goberno para evitar que as persoas se vexan nunha situación de falta de medicamentos?
- Estuda o Goberno a necesidade de investir dende o público para a elaboración de fármacos?

Santiago de Compostela, a 1 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 01/08/2019 13:40:30



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga e María Teresa Porrit Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro de 2018, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou a Orde do 14 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, financiadas conxuntamente polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2019. A dotación orzamentaria desta Orde ascende a 1.286.570 €, distribuídos en dúas liñas: Implantación de puntos limpos móbiles con 900.599 €, e unha segunda liña para proxectos de nova implantación da recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, con 385.971 €.

O importe máximo da subvención non poderá superar os 40.000 €, podendo incrementarse en 5.000 € máis no caso de solicitudes presentadas conxuntamente, ata un máximo de 60.000 € en calquera das dúas liñas de actuación.

O Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, establece as bases para impulsar a xestión de residuos urbanos en Galicia cara a un novo escenario máis sostible e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola directiva da UE.

A partir da diagnose realizada con ocasión da elaboración do plan, as conclusións ou prioridades detectadas incluíron, en materia de xestión de residuos domésticos, as seguintes:

- Impulsar mellores iniciativas de prevención dos residuos, cun uso máis eficaz dos recursos e un cambio cara a pautas de consumo máis sostibles.
- Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.
- Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais.



- Potenciar as recollidas comerciais en orixe.
- Favorecer o mercado da reciclaxe.
- Minimizar o vertedura final en depósitos controlados, especialmente de fracción biodegradable e materiais recuperables.
- Implicar as persoas nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores.

Entre os instrumentos dispoñibles para a consecución dos obxectivos propostos, o propio Plan PXRUG contempla especificamente o establecemento de liñas de subvencións dirixidas a entidades locais destinadas, entre outras, a actuacións como as seguintes:

- A realización de campañas locais de comunicación.
- O desenvolvemento de accións de prevención e recollida selectiva.
- A promoción da compostaxe.
- A adaptación, ampliación ou mellora dos puntos limpos, a posta en marcha de puntos limpos móbiles ou minipuntos limpos.
- A elaboración de plans territoriais de xestión que deberán definir as medidas de prevención.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantos puntos limpos, fixos e móbiles, hai na nosa comunidade autónoma?

2ª) Cantas campañas de información e/ou sensibilización sobre a recollida selectiva de residuos urbanos fixo a Xunta de Galicia desde 2010, e en que concellos?

3ª) Ten establecido a Xunta de Galicia algún convenio de colaboración coas entidades locais de Galicia co fin de incrementar e mellorar a recollida selectiva de residuos sólidos urbanos?



4ª) Considera a Xunta de Galicia suficiente e axeitada a dotación orzamentaria contida na Orde de subvención para acadar os obxectivos fixados de cara ao ano 2020?

Pazo do Parlamento 1 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2019 13:44:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2019 13:45:12

María Teresa Porritt Lueiro na data 01/08/2019 13:45:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

A Plataforma ProCAPD de Ourense segue loitando pola creación dun centro público que garanta a cobertura das necesidades educativas das persoas con diversidade funcional, maiores de 21 anos, pois Ourense é a única provincia que non conta cun recurso destas características. Dende En Marea sempre se asumiron as xustas reivindicacións da Plataforma ProCAPD, difundindo e traendo en diversas ocasións iniciativas ao Parlamento de Galicia e tamén participando nas rúas nas mobilizacións convocadas.

Despois de case tres anos, a Conselleira de Política Social, Fabiola García, falaba este martes, na comparecencia de presentación do Centro de Atención a Persoas Discapacitadas (CAPD) na delegación provincial da Xunta, dun “proxecto moito máis longo do desexable”, mentres as nais e pais integrantes da Plataforma cualifícanos como un proxecto cheo de dúbidas, prazos e peticións incumpridas.

Así, a Conselleira explicou que o proxecto contempla un total de 110 prazas (80 de carácter residencial e 30 en centro de día), levando aparellada a creación de 46 empregos. Refire así que o centro garantirá “un servizo da mellor calidade”. Dende a Plataforma ProCAPD cuestionan o feito de que, cando lles ofreceran o proxecto para facer o centro en Mariñamansa, souberon que non ían ofrecer servizo de cociña, entendendo que para un coidado axeitado, usuarios e usuarias do centro precisarán un persoal fixo.



A rateo de persoas non convence ás familias afectadas, igual que o feito de que a Conselleira non disipara de xeito tallante as dúbidas sobre se o centro será xestionado ou non de forma pública.

Nun desprezable exercicio de cinismo, García aludiu na comparecencia a que garantía que “se prestará o mellor servizo e de calidade, que é o que precisan as persoas con discapacidade e demandan as súas familias”. Non aportou máis datos, nin no relativo ao laboral, nin ao de xestión.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto formula as seguintes preguntas:

- Terá Ourense un Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) público, coas prazas e condicións demandadas pola Plataforma ProCAPD dende hai máis de tres anos, e que foi obxecto de compromiso público en 2016 por parte de todos os grupos concorrentes ás eleccións galegas?
- Que opinión ten a Xunta da discriminación á que someten dende o goberno á provincia de Ourense, sendo a única sen un equipamento destas características?
- Cando se licite a obra do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD), convocará a Consellería tamén as prazas de persoal que traballará no centro?
- En que criterios se basearon para entender que a creación de 46 empregos sería unha rateo suficiente para atender con calidade as 110 prazas coas que estiman, contará o centro?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez



Deputada e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/08/2019 09:42:04

David Rodríguez Estévez na data 02/08/2019 09:42:09



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A recentemente aprobada Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia evitou entrar no debate específico dos baremos de concesión de oficinas de farmacia, a pesares das posicións amosadas por diversos grupos políticos e colectivos relacionados, que suxerían a oportunidade de afrontar tamén a revisión dese baremos para adecualo ás realidades e á actualidade.

O baremo existente para a concesión de oficinas de farmacia está sendo discutido, tamén a partir da última resolución do concurso público que se rexeu por el, por diversas cuestións. Entre elas, existen algunhas reclamacións referidas á valoración das cuestións sobre análises clínicas, área de especialidade de varios profesionais do eido farmacéutico que vén prexudicada a súa formación e experiencia.

A citada Lei 3/2019 inclúe as funcións das oficinas de farmacia, e entre elas a 12.i indica *“Realizar análises clínicas e outras funcións profesionais ou sanitarias que, por estaren recollidas en normas específicas e conforme ao disposto nelas, poidan ser desenvolvidas polo/a farmacéutico/a de acordo coa súa titulación e especialidade.”*

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia non ten modificado o baremo para concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia no referido ás análises clínicas?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar o baremo para concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia?



3. Considera a Xunta de Galicia que o actual baremo para concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia é xusto?

Pazo do Parlamento, 01 de agosto de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/08/2019 10:00:58

Noela Blanco Rodríguez na data 02/08/2019 10:01:09



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Unha xestión hidrolóxica eficaz axuda aos Estados á preparación para os fenómenos meteorolóxicos extremos que, debido ao cambio climático, son cada vez máis frecuentes e causan enormes danos. A aplicación da Directiva Marco da Auga (DMA) de 2000 -a norma da UE máis importante na protección de ríos, humedais e acuíferos- baséase na adopción polos Estados membros dunha serie de medidas rendibles dunha forma transparente e participativa. Como complemento da DMA, en 2007 adoptouse a Directiva sobre inundacións, que obriga aos Estados a avaliar e cartografiar os riscos de inundación e o perigo por inundacións e a xestionalos mediante o establecemento de plans de xestión do risco de inundación.

En 2012, a Comisión Europea avaliou todos os plans hidrolóxicos europeos durante o período 2016-2021. España suspendeu (coincidindo no tempo cos gobernos de Mariano Rajoy e Alberto Núñez Feijóo), incluíndo ese novo informe fortes críticas á xestión da auga levada a cabo durante os últimos anos polo noso país debido ás graves deficiencias na aplicación de políticas europeas da auga a nivel nacional. De feito, dun total de 37 recomendacións, España só aplicara plenamente 6, avanzara parcialmente en 24 e tiña 7 nas que os avances foran nulos. En consecuencia, España foi sancionada, correspondéndolle a responsabilidade de varias desas sancións a Galicia polos reiterados incumprimentos. Por último, a CE solicitou a España que adoptase os novos plans de xestión de seca aprobados a finais de 2018.

Galicia ten un documento de planificación hidrolóxica, o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, co horizonte 2015-2021, plan que foi revisado pero a principios de 2018, sen a intervención do Parlamento e sen memoria económica algunha.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pode afirmar o Goberno galego que o uso da auga na nosa Comunidade está adaptado aos obxectivos ambientais da normativa comunitaria?
2. Cal é o grao de aplicación en Galicia da Directiva Marco da Auga do ano 2000?
3. Cal é o grao de aplicación en Galicia da Directiva sobre inundacións de 2007?
4. Ten Galicia adaptado o uso da auga aos obxectivos ambientais destas dúas directivas? De non ser así, cando pensa o Goberno da Xunta de Galicia executar os cambios precisos?
5. Ten absolutamente controladas o Goberno das fontes de contaminación aplicando as medidas da Directiva de 2000 e do resto de lexislación relacionada coa auga, especialmente a Directiva de Nitratos, a Directiva sobre Emisións Industriais e a Directiva sobre Tratamento das Augas Residuais Urbanas?
6. Desenvolveu o Goberno métodos de detección, control, seguimento e avaliación de casos nos que os cambios hidrolóxicos poidan impedir a consecución dun bo estado ecolóxico?

Pazo do Parlamento, 02 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 10:21:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/08/2019 10:21:39

María Luisa Pierres López na data 02/08/2019 10:21:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**-

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Folgas por falta de actualización dos convenios, presuntas prevaricacións no concurso e deficiencias estruturais tanto en material como en persoal, afectan a un servizo de transporte sanitario, que tamén no ámbito aéreo, vese afectado por múltiples irregularidades.

Foron moitas as iniciativas, propostas e advertencias feitas ao Goberno nesta materia, dende a proposta de xestión directa ata o desenvolvemento duns pregos de contratación axeitados que permitan cubrir o servizo coa máxima calidade.

Este ano asistimos a varias promesas por parte de Conselleiro de Sanidade en relación a este asunto e a mellora das súas condicións, con todo, na publicación dos pregos pódese comprobar como se sigue a reducir persoal e primar os criterios económicos pese a ter demostrado que a pesar de ser legal, non soluciona as necesidades e non aporta calidade ao servizo.





Por todo anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Por que reducen persoal para as ambulancias de Foz, Monforte e Salnés?
- Considera o Goberno que este recorte permite dar a mesma calidade asistencial ás persoas destas zonas?
- Pese aos antecedentes sobre as consecuencias que ten primar os criterios económicos sobre os asistenciais, cal é o motivo de seguir a empregar o mesmo modelo de contratación?
- Como pensan poñer solución aos conflitos que existen agora mesmo neste servizo?
- Cal é o motivo de non estudar a viabilidade de asumir unha xestión directa e pública do servizo?

Santiago de Compostela, a 2 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:





Eva Solla Fernández na data 02/08/2019 10:12:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a adscrición universitaria das ensinanzas artísticas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Desde hai anos, alumnado e profesorado das ensinanzas artísticas superiores de Galiza vén reclamando a adscrición destes estudos ao Sistema Universitario Galego.

Durante esta lexislatura, todos os grupos parlamentarios tivemos encontros con representantes da comunidade educativa dos centros que imparten estes estudos nos que se nos instou a impulsar, no exercicio das competencias que Galiza ten recoñecidas, a integración das ensinanzas artísticas no SUG. Tamén a Xunta de Galiza é coñecedora de primeira man desta demanda.

No noso país contamos, a día de hoxe, con catro Escolas de Artes e Superiores de Deseño (EASD): a Antonio Faílde de Ourense, a Pablo Picasso da Coruña, a Ramón Falcón de Lugo e a Mestre Mateo en Compostela; alén dos CMUS, da Escola de Arte Dramática (Vigo) e a Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais en Pontevedra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente a Universidade de Vigo anunciou a creación dun novo grao universitario en Deseño e Creación no Campus de Pontevedra que, previsibelmente, estará en funcionamento a partir do curso 2020/2021. Esta información reavivou o debate sobre a adscrición e integración universitaria das ensinanzas artísticas xerando inquedanzas entre a comunidade educativa dos centros con estudos superiores semellantes.

O debate sobre a adscrición universitaria das ensinanzas artísticas non é novo nin exclusivamente se produce no noso país. Neste senso, o marco normativo actual prevé esta posibilidade. Así o recolle no artigo 11 a Lei Orgánica de Universidades (LOU) e o artigo 58 da LOMCE.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Apoia a Xunta de Galiza a adscrición e integración das ensinanzas artísticas no Sistema Universitario Galego?
- Que medidas ten adoptado ou prevé adoptar o Goberno galego para impulsar a súa adscrición?

Santiago de Compostela, 02 de agosto de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/08/2019 10:24:49

Xosé Luis Bará Torres na data 02/08/2019 10:25:22

María Montserrat Prado Cores na data 02/08/2019 10:25:30

Noa Presas Bergantiños na data 02/08/2019 10:25:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/08/2019 10:25:48

Ana Pontón Mondelo na data 02/08/2019 10:26:00



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Eurostat acaba de publicar os datos sobre a riqueza das 291 rexións da Unión Europea-28 para 2017, medidos en PIB *per cápita* en paridade de poder adquisitivo.

Estes datos sitúan Galicia nun 82 % da media comunitaria, é dicir, a 18 puntos porcentuais da media UE-28 e 10 puntos por debaixo da media de España.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego destes datos?

2ª) Cantos recursos ten acadado Galicia da Unión Europea nestes últimos dez anos?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 10:07:38

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/08/2019 10:07:57



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Lamentablemente, a política económica dos gobernos conservadores, tanto en Galicia como en España, desenvolveu un modelo económico, baseado na “devaluación salarial”, é dicir, a baixada dos salarios dos traballadores, especialmente dos menos cualificados, como mecanismo para incrementar a competitividade da nosa economía.

Os Socialistas vimos denunciando esta estratexia, que é equivocada desde un punto de vista económico, e profundamente inxusta, desde un punto de vista ético e social. O resultado é por todos coñecido, unha sociedade máis dual, máis inxusta, cunha progresiva concentración da riqueza, con salarios baixos e precarios, e taxas de beneficio do capital cada vez máis altas.

Non existe ningunha discusión teórica sobre o feito de que o elemento central para facer as economías máis capaces de competir internacionalmente é a innovación. Os datos recentemente publicados polo INE sobre I+D+i correspondentes ao ano 2017 teñen mostrado claramente a opción de política económica tomada polos gobernos conservadores.

Recortes en I+D+i, ou o que é o mesmo, mirar cara ao sueste de Asia ou ao norte de África, no canto de mirar ao norte de Europa. O gasto en I+D+i no ano 2017 situouse en Galicia no 0,89 % do PIB.

Estes datos de I+D+i reflicten, unha vez máis, a estratexia industrial da Xunta de Feijóo, e poñen de novo encima da mesa que a axenda de industrialización do Goberno galego é mera propaganda, cando falamos dun sector estratéxico que perdeu máis de 20.000 postos de traballo desde o ano 2009.

Son datos que seguen a darnos a razón aos que cuestionamos a política industrial da Xunta, Galicia ten o 6 % da poboación de España e o 5 % do PIB, pero o gasto en innovación só supón o 3,6 % do total estatal.

O último informe da Fundación Cotec para a Innovación 2019, sobre o mapa de talento en España, sitúa Galicia á cola de España cun menor uso da innovación



polas empresas, así o I+D+i non se traduce en máis patentes, novos produtos ou exportacións de alto valor engadido.

Somos a segunda autonomía, só por detrás de Estremadura, cun menor impacto do I+D nas empresas, é dicir, a actividade investigadora e innovadora non termina de materializarse en novos produtos.

No seu informe, a Fundación Cotec recomenda que se favorezan políticas públicas dirixidas ao desenvolvemento de novas actividades emprendedoras. Outro sinal do fracaso das políticas de innovación é a escasa capacidade para atraer capital estranxeiro, sendo a terceira comunidade pola cola.

Estes datos confirman que a suposta Axenda Industrial da Xunta non é máis que a historia dun fracaso e a estratexia da internacionalización, sobre todo para atraer capital estranxeiro, unha campaña de publicidade e propaganda; xa que estas estratexias só son posibles en territorios que apostan dunha maneira clara pola innovación.

Recortes sistemáticos no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación que ten efectos moi negativos no ámbito industrial, de servizos e mesmo educativo. Unha menor competitividade do sistema económico, e tamén do sistema universitario; cunha incapacidade obxectiva para desenvolver proxectos de investigación e carreiras investigadoras solventes e sostidas no tempo.

Esta é a terceira lexislatura que non só está perdida para Galicia en termos de I+D+i, senón que estamos a vivir dúas lexislaturas de retroceso grave para a I+D+i da Comunidade Autónoma. De feito, a xestión do Goberno autonómico en I+D+i ten sido criticada pola comunidade científica, pola oposición no Parlamento de Galicia, e mesmo polo tecido produtivo industrial.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É consciente a Xunta de Galicia que os recortes nas políticas de I+D+i teñen un efecto negativo na xestión e promoción do talento?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que se están a cumprir os obxectivos en termos de investigación e innovación recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia algún reforzo ou cambio na estratexia de innovación en Galicia que reforce a nosa posición como economía innovadora? De ser así, cales serían eses cambios?



Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 10:09:39

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/08/2019 10:09:57

Maria de la Concepción Burgo López na data 02/08/2019 10:10:15



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga e María Teresa Porrit Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A política de transparencia da Xunta de Galicia continúa a presentar importantes lagoas. O último feito absolutamente negativo na nosa opinión é a publicación das Modificacións Orzamentarias autorizadas na reunión do Consello da Xunta do 27 de decembro de 2019.

No expediente de referencia: TR-23-030-18, autorízase unha transferencia de crédito por un importe de 116.388.712,71€ ao programa 621B “Imprevistos e funcións non clasificadas”, programa que se emprega coma programa-ponte que permite realizar transferencias de crédito para alterar os límites fixados pola normativa que impedirían as transferencias directas entre as aplicacións afectadas; así como para aplicar os sobrantes dos créditos nas distintas consellarías ao financiamento das partidas deficitarias ao longo do exercicio.

O propio Consello de Contas nos seus informes de fiscalización correspondentes á Conta Xeral da Comunidade Autónoma, recomenda ano tras ano que se adopten “*medidas legislativas e de control parlamentario que limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas*”.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal foi o importe total das transferencias de crédito orzamentario destinado ao programa 621B no ano 2018?
- 2ª) Cal foi o novo destino destas modificacións orzamentarias desde o programa 621B no ano 2018?
- 3ª) Que valoración fai a Consellería de Facenda sobre o uso dado ao programa 621B?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 10:11:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2019 10:12:19

María Teresa Porrirt Lueiro na data 02/08/2019 10:12:37



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, María Teresa Porrit Lueiro, Noela Blanco Rodríguez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A situación do mercado laboral en Galicia nestes últimos dez anos caracterizouse polo incremento da precariedade, da inestabilidade, da perda de dereitos e dun alarmante incremento da fenda xeracional, sendo a crise económica e a reforma laboral posta en marcha polo PP as causas con maior peso desta situación.

De 2009 a 2018 a poboación galega reduciuse en máis de 95.000 persoas, das que 143.064 son persoas de entre 20 e 64 anos, é dicir, en idade de traballar. Para ese mesmo período, tomando datos da EPA para o IVT, temos que o número de ocupados diminuíu en - 54.100, o número de fogares con todos os seus membros no paro tense incrementado en +4.400 e o número de fogares sen ingresos ten aumentado en +9.600.

En resume, somos menos, máis envellecidos e dos que quedan traballan menos.

Con estes alarmantes datos, a Xunta de Galicia no exercicio 2018 da partida 32- *Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo*, só executou o 58,9 % respecto do crédito vixente consignado nos orzamentos para ese exercicio, é dicir, deixáronse sen executar máis de 133 millóns de euros.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron os motivos polos que a Xunta de Galicia deixou sen executar máis de 133 millóns de euros do programa 32. *Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo* no exercicio 2018?

2ª) É consciente o Goberno galego do fracaso das súas políticas de emprego?

3ª) É consciente o Goberno galego de que o emprego de calidade ten que ser unha política prioritaria no noso país á vista dos datos socioeconómicos actuais?

4ª) É consciente o Goberno galego de que os concellos, como Administración máis próxima á cidadanía, necesitan destes recursos para poder atender as necesidades da súa poboación?



5ª) Ten previsto o Goberno galego implantar algunha medida para garantir que se execute durante este ano o 100 % do orzamento dedicado á “*Promoción de emprego e institucións do mercado de traballo*”?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 10:15:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2019 10:15:26

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/08/2019 10:15:44

Noela Blanco Rodríguez na data 02/08/2019 10:15:56

Patricia Otero Rodríguez na data 02/08/2019 10:16:09



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Augas de Galicia é a entidade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que asume as competencias sobre o conxunto da Administración Hidráulica de Galicia.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten elaborado a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o Plan estratéxico de subvencións da súa consellería e dos organismos dela dependente, segundo establece a Lei 9/2007, de 9 de xuño, de subvencións de Galicia?



2ª) Cales foron os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos no ano 2018?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 10:17:40

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 10:18:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/08/2019 10:18:15

María Luisa Pierres López na data 02/08/2019 10:18:30



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, María Teresa Porrit Lueiro, José Manuel Pérez Seco e Carme Rodríguez Dacosta, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Galicia está a sufrir unha sangría demográfica, perdendo nos últimos dez anos máis de 97.000 habitantes, dos cales foron 2.421 no último ano. Ademais, se nos fixamos na poboación entre os 20 e 64 anos, nos últimos dez anos, perdemos 240.753 persoas.

Esta situación agrávase aínda máis nos concellos rurais, feito que ten varias causas, pero que podemos apuntar como as de maior peso o abandono de actividades económicas, fundamentalmente as agrícolas e gandeiras e a perda progresiva de servizos no mundo rural que impiden a moitas familias desenvolver con normalidade unha vida adaptada ás necesidades do século XXI.

O presidente da Xunta de Galicia no discurso de investidura correspondente a esta X Lexislatura manifestou que esta ía ser a “Lexislatura do Rural”, pero a realidade é que a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para incentivar ás familias para se asentaren no rural, a falta de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e a perda progresiva de servizos privados e públicos teñen agravado de xeito preocupante o despoboamento no rural.

A afirmación do presidente da Xunta non se corresponde coa baixa execución orzamentaria do exercicio 2018 en determinadas partidas correspondentes á Consellería do Medio Rural e que parecían destinadas a fixar poboación, así como a de mellorar e modernizar o tecido produtivo rural.

Así, se miramos a execución do Programa 55. Actuacións e valorización do Medio Rural, temos que a Xunta de Galicia deixa sen executar preto de 30 millóns de euros; e no programa 71. Dinamización económica do medio rural, deixa sen executar máis de 75 millóns de euros, o total non executado nestes dous programas ascende a máis de 100 millóns de euros nun só exercicio.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o despoboamento galego?



2ª) Cales son as razóns polas que a Consellería do Medio Rural deixou sen executar máis de 100 millóns de euros nas partidas 55 e 71?

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 10:21:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2019 10:21:50

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/08/2019 10:22:10

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/08/2019 10:22:23

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/08/2019 10:22:44



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Galicia está a sufrir unha sangría demográfica, perdendo nos últimos dez anos máis de 97.000 habitantes, dos cales foron 2.421 no último ano. Ademais, se nos fixamos na poboación entre os 20 e 64 anos, nos últimos dez anos, perdemos 240.753 persoas.

Esta situación agrávase aínda máis nos concellos rurais, feito que ten varias causas, pero que podemos apuntar como as de maior peso o abandono de actividades económicas, fundamentalmente as agrícolas e gandeiras e a perda progresiva de servizos no mundo rural que impiden a moitas familias desenvolver con normalidade unha vida adaptada ás necesidades do século XXI.

O presidente da Xunta de Galicia no discurso de investidura correspondente a esta X Lexislatura manifestou que esta ía ser a “Lexislatura do Rural”, pero a realidade é que a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para incentivar ás familias para se asentaren no rural, a falta de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e a perda progresiva de servizos privados e públicos teñen agravado de xeito preocupante o despoboamento no rural.

A afirmación do presidente da Xunta non se corresponde coa baixa execución orzamentaria do exercicio 2018 en determinadas partidas correspondentes á Consellería do Medio Rural e que parecían destinadas a fixar poboación, así como a de mellorar e modernizar o tecido produtivo rural.

Así, se miramos a execución do Programa 55. Actuacións e valorización do Medio Rural, temos que a Xunta de Galicia deixa sen executar preto de 30 millóns de euros; e no programa 71. Dinamización económica do medio rural, deixa sen executar máis de 75 millóns de euros, o total non executado nestes dous programas ascende a máis de 100 millóns de euros nun só exercicio.

Por iso as deputadas e o deputads que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o despoboamento galego?



2ª) Cales son as razóns polas que a Consellería do Medio Rural deixou sen executar máis de 100 millóns de euros nas partidas 55 e 71?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 10:24:28

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/08/2019 10:24:44

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/08/2019 10:25:00



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga e María Teresa Porrit Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O imposto sobre sucesións e doazóns é un tributo de natureza directa e subxectiva, cuxo feito imponible é gravar os incrementos de patrimonio que se producen, normalmente, como consecuencia de herdanzas e doazóns, así como os seguros de vida nos que o contratante sexa persoa distinta do beneficiario.

As características principais deste imposto son por unha banda o seu marcado carácter persoal e subxectivo, xa que ten en conta as circunstancias persoais do suxeito pasivo; por outra, favorece a transmisión de determinados bens como a vivenda habitual, empresas individuais, participacións en entidades ou bens integrantes do patrimonio histórico e por ser un imposto progresivo, xa que ademais de ter unha escala de gravame progresiva, posúe un coeficiente multiplicador en función do parentesco e do patrimonio preexistente do suxeito pasivo.

O feito imponible deste imposto constitúeno a adquisición de bens e dereitos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio; a adquisición de bens e dereitos por doazón ou por calquera outro negocio xurídico a título gratuito e «inter vivos» e/ou a percepción de cantidades polos beneficiarios de contratos de seguro sobre a vida, cando o contratante sexa persoa distinta do beneficiario.

Na Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 2 a Comunidade Autónoma de Galicia estableceu unha serie de beneficios fiscais para o imposto sobre sucesións e doazóns:

“Un. Modifícase a alínea Dous do artigo 6 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactada como segue:

«Dous. Redución por parentesco.

Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguros de vida, por razón do parentesco co causante, aplicarase a redución que corresponda das incluídas nos seguintes grupos:



a) *Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o habente causa, cun límite de 1.500.000 euros.*

b) *Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis e menores de 25, 900.000 euros, menos 100.000 euros por cada ano maior de 21 ata 24; de 25 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 400.000 euros.*

c) *Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo e terceiro grao e ascendentes e descendentes por afinidade, 8.000 euros.*

d) *Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá redución».*

Dous. Modifícase o punto 1 da alínea Tres do artigo 7 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Tres. Redución por adquisición de vivenda habitual.

1. Cando na base impoñible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor da vivenda habitual do causante, e a adquisición corresponda aos seus descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade, practicarase unha redución cun límite de 600.000 euros e aplicarase a porcentaxe de redución que corresponda en función do valor real total do inmovible:

Valor real do inmovible Porcentaxe de redución

Ata 150.000,00 euros 99 %

De 150.000,01 a 300.000,00 euros 97 %

Máis de 300.000,00 euros 95 %

Cando a adquisición corresponda ao cónxuxe, a redución será do 100 % do valor na base impoñible, cun límite de 600.000 euros.

No caso do parente colateral, este deberá ser maior de 65 anos e será necesaria a convivencia co causante durante os dous anos anteriores ao falecemento.

Para os efectos previstos nesta alínea, entenderase que a última vivenda habitual na que se residiu non perde tal carácter cando o causante, por circunstancias físicas ou psíquicas, se trasládase para recibir coidados a un centro



especializado ou a vivir cos familiares incluídos no grupo de parentesco que dá dereito a obter a redución».

Tres. Modifícase o artigo 11 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 11. Deducións na cota tributaria

Nas adquisicións mortis causa por suxeitos pasivos incluídos no Grupo I do artigo 6.Dous do presente texto refundido, incluídas as cantidades percibidas polas persoas beneficiarias de seguros sobre a vida, practicarase unha dedución do 99 % do importe da cota»”.

A Consellería de Facenda anunciaba que con estas bonificacións, o 99 % dos galegos e das galegas non terían que pagar nin un euro por este tributo na herdanza dun familiar por vía directa e que a Comunidade galega converteríase na cuarta autonomía que menos ingresaría por este tributo.

Tres anos despois da aprobación desta lei, vemos que a recadación por este imposto se incrementou nun 22 % respecto ao recadado en 2015, chegando aos 196,5 millóns de euros, é dicir, 36 millóns máis.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as causas polas que se ten incrementado a recadación deste imposto?

2ª) Ten feito a Consellería de Facenda algún estudo comparativo sobre a súa evolución nos últimos dez anos?

3ª) Ten feito a Consellería de Facenda algún estudo comparativo do número de suxeitos pasivos e contías liquidadas por suxeito pasivo durante os últimos dez anos?

4ª) Segundo a Consellería de Facenda, que impacto terá para este exercicio o artigo 2 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas?

Pazo do Parlamento de agosto de 2019



Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 10:28:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2019 10:28:20

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/08/2019 10:28:38



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, María Teresa Porrit Lueiro e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Consello da Xunta desenvolvido o 25 de abril aprobou o “Plan galego de formación para desempregados e ocupados” cunha dotación orzamentaria de 57,3 millóns de euros, dirixido á cualificación de desempregados e ocupados a través de máis de 1.880 cursos para os próximos dous anos.

Segundo se indica na información aos medios publicada na Páxina *web* da Xunta de Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria deseñou a oferta deste plan adaptada ás necesidades do tecido empresarial e dar resposta aos retos no novo modelo produtivo baseado nas novas tecnoloxías.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Ten elaborado a Xunta de Galicia algún estudo sobre as necesidades formativas do tecido empresarial galego? En caso de existir o dito estudo, onde está publicado?

2ª. Onde está publicado o Plan galego de formación para desempregados e ocupados?

3ª. Cal é a oferta total contemplada no Plan galego de formación para desempregados e ocupados?

4ª. Cal é a distribución territorial para o desenvolvemento do dito plan?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 10:30:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2019 10:30:54

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/08/2019 10:31:13





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:35:41
Nº Rexistro: 53267
Data envío: 02/08/2019 10:35:41.487

Patricia Otero Rodríguez na data 02/08/2019 10:31:25

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGMMhmUGJh26
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

Dende a chegada da crise, a precariedade pasou a consolidarse en Galicia como un factor totalmente estrutural no mercado de traballo. Nin a propia Administración pública fuxe desta situación, que lonxe de dar exemplo na estabilidade laboral fomenta cada día máis, situación precarias.

Un dos maiores exemplos de precariedade exercida dende a Administración Pública e a do Servizo Galego de Saúde, con récord de temporalidade e sobrecarga de traballo para o persoal que presta servizos no mesmo.

A eliminación de postos de traballo mediante amortizacións dos mesmos e a escasa planificación nas Ofertas Públicas de Emprego, provocou unha perda de profesionais que afecta ao funcionamento do propio sistema e dificulta a ordenación dos servizos.

Ademais, esta situación que afecta directamente á calidade asistencial que se presta nun servizo tan delicado como é o da saúde, vulnera tamén os dereitos laborais das traballadoras e traballadores, tanto en material de abuso na temporalidade, tempos de descanso ou dereitos retributivos.

Unha situación intolerable provocada por unha mala xestión e unha política de recortes e deterioro dos servizos públicos, que no que se refire á material laboral





xa recibiu varios toques de atención por parte de Europa, a Seguridade Social ou o Tribunal de Xustiza de Galicia.

Con todo, o Goberno segue sen tomar nota, axudando no aumento da precariedade e no deterioro dos nosos servizos públicos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Considera o Goberno que a súa política laboral no SERGAS está sendo legal e axeitada?
- Van a levar a cabo algunha medida para respectar os dereitos laborais e manter unha calidade asistencial axeitada no SERGAS, tendo en conta as sentencias e as protestas que se están dando?
- Ten realizado algún informe o Goberno en relación ao número de persoal eventual que concatena máis de tres anos de contratos para postos de carácter estrutural?
- Cales foron as xestións feitas polo Goberno galego cos diferentes Gobernos centrais sobre a taxa de reposición dende a entrada en vigor da mesma?
- Pensan dar cumprimento aos acordos retributivos acadados antes do inicio da crise?

Santiago de Compostela, a 2 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/08/2019 10:48:34



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O servizo público da xustiza é básico para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Por desgraza, nestes anos de Goberno de Feijóo, a Administración de xustiza en Galicia amosou unha absoluta falla de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa comunidade ten no eido dun servizo tan esencial.

Este grupo parlamentario ten rexistradas multitude de iniciativas sobre a nefasta xestión da Administración de xustiza na nosa comunidade, pedindo que as novas oficinas xudicial e fiscal estean implantadas nos xulgados das sete grandes cidades galegas e en todos os órganos cabeceira de partido xudicial antes de que remate a lexislatura; solicitando que se garanta a funcionalidade da sede xudicial electrónica a través de plataformas dixitais actualizadas e eficaces e a seguridade e a protección de datos no funcionamento do sistema LexNet; esixindo que se execute na súa totalidade e antes do remate da lexislatura o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015; demandando a creación de novos xulgados onde sexan precisos e que se acorden no seo da Comisión Mixta co TSXG; pedindo o cumprimento da recomendación do IV Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias ou do Decreto 124/2014, do 11 de setembro, respecto do número de oficinas e da *ratio* ideal por Fiscalía, que xa fora aprobado (por 68 votos a favor) como proposta de resolución no Debate do Estado de Autonomía, sen éxito algún. O mesmo incumprimento ocorre respecto do desenvolvemento do Dereito Civil Especial de Galicia, competencia constitucional e estatutaria da nosa comunidade.

Pois ben, o nivel de desleixo é tal que, solicitadas polo artigo 9 do Regulamento do Parlamento copias das actas das xuntanzas da comisión de expertos para a modificación da Lei de dereito civil de Galicia de 2006 (número de rexistro 48338, de 19 de marzo de 2019) e das reunións periódicas que mantén o Goberno galego con representantes do Poder Xudicial, da Fiscalía, Avogados e Procuradores e relativas á avaliación da implantación das diversas ferramentas nos órganos xudiciais e fiscais de Galicia (número de rexistro 36670, de 13 de setembro de 2018), a resposta do Goberno para esta última -logo de insistir nela- é que “non existen actas formais de ditos encontros por tratarse de reunións



periódicas dun grupo de traballo de asesoramento para a Administración autonómica”. E sabemos que o mesmo pasará coas outras actas de xuntanzas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está a cumprir o Goberno galego a súa propia Lei de transparencia e bo Goberno de 2016?
2. Entende o Goberno galego que é de recibo que, nun Estado Social e Democrático de Dereito, se conteste, sobre as reunións periódicas que mantén o Goberno con representantes do Poder Xudicial, da Fiscalía, Avogados e Procuradores e relativas á avaliación da implantación das diversas ferramentas nos órganos xudiciais e fiscais de Galicia, que non existen actas formais de ditos encontros?
3. Sabe o Goberno, polo menos, en que datas se produciron esas reunións periódicas?
4. Como pode xustificar o Goberno os asuntos que se trataron nesas “supostas” reunións periódicas se non existen actas?
5. É importante para o Goberno a posta en funcionamento de ferramentas tales como o visor do expediente xudicial electrónico ou a sede xudicial electrónica de Galicia?
6. Existen actas das xuntanzas da comisión de expertos para a modificación da Lei de dereito civil de Galicia de 2006? Cantas? De que datas? Sobre que asuntos?
7. Cumpre o Goberno co desenvolvemento do Dereito Civil Especial de Galicia, competencia constitucional e estatutaria da nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 02 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 10:49:52

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/08/2019 10:50:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 10:50:30



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Fernández e María Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O chumbo dos perdigóns é un dos axentes máis velenosos e contaminantes da natureza. Cada ano quedan abandonados centos de perdigóns, ocasionando a morte por envelenamento de millóns de aves. É un metal pesado que afecta a moitos órganos, que orixina disfuncións neurolóxicas e anemia e que altera o funcionamento dos riles. As aves cómeno cando o confunden con alimento ou con pedras que tragan para procesar o propio alimento. Cando o inxiren, sofren parálise, deixan de comer e morren en poucos días. E, logo, as aves rapaces inxiren restos desta munición cando se alimentan de presas ou carroñas que foron tiroteadas. Segundo o Instituto de Investigación en Recursos Cinexéticos, varios milleiros de aves morren cada ano en España e un millón en toda Europa.

A propia Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), ao amparo da nosa Lei do patrimonio natural e a biodiversidade de 2007, o Instrumento de Ratificación do Acordo sobre a conservación das Aves Acuáticas Migratorias Afroeuroasiáticas de 1996 (feito en La Haya) e a Directiva Aves, tiña que recorrer ao Defensor del Pueblo e este respondía que en todos os humidais galegos está prohibido o uso, non só de perdigóns con chumbo, senón tamén de calquera tipo de munición que conteña chumbo, incluídas postas e balas. Mais a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia non semella opinar igual, aínda que Galicia ten designado todos os seus lugares de importancia comunitaria (LIC) como zonas especiais de conservación (ZEC).

Ocorre que a Comisión de Peticións da UE, en resposta de 8 de marzo de 2019, ten dito que é a Directiva Hábitats a que esixe aos Estados membros evitar o seu deterioro, fixar medidas de conservación e evitar tamén calquera tipo de alteración significativa que repercuta nas especies nos lugares da Rede Natura. A Comisión incoou, en 2015, un procedemento de infracción contra España relativa ao establecemento das medidas de conservación necesarias e esta infracción tamén afecta á nosa comunidade, pois refírese ao uso de chumbo nos perdigóns en humidais.



Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que o chumbo dos perdigóns é un dos axentes máis velenosos e contaminantes da natureza?

Pazo do Parlamento, 02 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 11:07:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/08/2019 11:07:57

María Luisa Pierres López na data 02/08/2019 11:08:07



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Fernández e María Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O chumbo dos perdigóns é un dos axentes máis velenosos e contaminantes da natureza. Cada ano quedan abandonados centos de perdigóns, ocasionando a morte por envelenamento de millóns de aves. É un metal pesado que afecta a moitos órganos, que orixina disfuncións neurolóxicas e anemia e que altera o funcionamento dos riles. As aves cómeno cando o confunden con alimento ou con pedras que tragan para procesar o propio alimento. Cando o inxiren, sofren parálise, deixan de comer e morren en poucos días. E, logo, as aves rapaces inxiren restos desta munición cando se alimentan de presas ou carroñas que foron tiroteadas. Segundo o Instituto de Investigación en Recursos Cinexéticos, varios milleiros de aves morren cada ano en España e un millón en toda Europa.

A propia Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), ao amparo da nosa Lei do patrimonio natural e a biodiversidade de 2007, o Instrumento de Ratificación do Acordo sobre a conservación das Aves Acuáticas Migratorias Afroeuroasiáticas de 1996 (feito en La Haya) e a Directiva Aves, tiña que recorrer ao Defensor del Pueblo e este respondía que en todos os humidais galegos está prohibido o uso, non só de perdigóns con chumbo, senón tamén de calquera tipo de munición que conteña chumbo, incluídas postas e balas. Mais a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia non semella opinar igual, aínda que Galicia ten designado todos os seus lugares de importancia comunitaria (LIC) como zonas especiais de conservación (ZEC).

Ocorre que a Comisión de Peticións da UE, en resposta de 8 de marzo de 2019, ten dito que é a Directiva Hábitats a que esixe aos Estados membros evitar o seu deterioro, fixar medidas de conservación e evitar tamén calquera tipo de alteración significativa que repercuta nas especies nos lugares da Rede Natura. A Comisión incoou, en 2015, un procedemento de infracción contra España relativa ao establecemento das medidas de conservación necesarias e esta infracción tamén afecta á nosa comunidade, pois refírese ao uso de chumbo nos perdigóns en humidais.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno galego que o chumbo dos perdigóns é un dos axentes máis velenosos e contaminantes da natureza?
2. En que trámite se atopa o procedemento de infracción aberto a España en 2015 pola Comisión UE relativa ao uso de chumbo nos perdigóns en humidais na nosa comunidade?
3. Ten feito alegacións o Goberno? Cales?

Pazo do Parlamento, 02 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 11:06:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/08/2019 11:07:03

María Luisa Pierres López na data 02/08/2019 11:07:12



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No Diario Oficial de Galicia do 27 de maio de 2019 a Axencia Galega de Infraestruturas publicou a Resolución do 13 de maio de 2019 pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2019.

A listaxe recolle 12 convenios de colaboración por un importe total de 3.545.510 € con 12 concellos gobernados polo Partido Popular.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego desta situación?
- 2ª) Cales son as razóns polas que de 12 convenios subscritos sexan 12 gobernados polo Partido Popular?
- 3ª) Cales foron os criterios de selección para asinar estes convenios?
- 4ª) Onde están publicados os convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e algún concello galego durante esta X lexislatura?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 11:05:23

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 11:05:41





María Teresa Porrirt Lueiro na data 02/08/2019 11:05:55



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O Instituto Galego de Estatística acaba de publicar o estudo sobre salarios. A remuneración do factor traballo na economía galega. Neste estudo os datos do Sistema de Contas Económicas de Galicia ofrecen unha perspectiva macroeconómica da remuneración do factor traballo na comunidade autónoma.

A remuneración de asalariados é unha compoñente do PIB, cando se analiza pola vía das rendas, que nos indica que parte do valor engadido bruto xerado por unha economía vai destinada a remunerar o factor traballo. O dito concepto inclúe a remuneración total, en efectivo ou en especie, a pagar por un empregador a un asalariado a cambio do traballo realizado por este durante o exercicio contable.

Neste estudo preséntase a evolución desta variable desde o ano 2000. Así, no que corresponde ao peso da remuneración dos asalariados no PIB, temos que en 2009 este peso representaba en Galicia un 48,0 %; inferior en 2,9 puntos porcentuais ao peso no conxunto do Estado (50,9 %) e 0,4 puntos respecto a UE (48,4 %); baixando en 2018 ata o 42,4 %, é dicir, perdendo 6 puntos porcentuais en 10 anos e incrementando a diferenza respecto do conxunto do Estado -4,7 puntos así como en relación coa UE28 en -5,2.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego da evolución negativa da remuneración do factor traballo na economía galega?
- 2ª) Que accións ten levado a cabo o Goberno galego para impulsar a recuperación dos salarios no noso país?
- 3ª) Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para impulsar a recuperación dos salarios na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 11:04:24

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/08/2019 11:04:41



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Nas modificacións orzamentarias realizadas no mes de maio deste ano, figura o expediente XC-06-008-19 pola cal se dota un crédito de 94.640.851,20 € con destino a “*adquisicións de accións dentro do sector público de Galicia*”.

A dita actuación corresponde á Consellería de Facenda, concretamente a través da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, dentro do programa 612A “*Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica*”.

Non existe máis información sobre esta cuestión, aínda que implica un volume moi importante de recursos públicos.

Por todo o anterior as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que adquisición concreta de accións se realizará e a que empresa ou empresas públicas do sector autonómico corresponden?
- 2ª) Por que motivos é necesaria agora a súa realización?
- 3ª) Que obxectivos se persegue?
- 4ª) Que factores explican a procedencia da xeración de crédito efectuada?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 11:07:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2019 11:07:35

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/08/2019 11:07:53



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Xoaquín Fernández Leiceaga e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Fundación Fomento de Estudios Sociales y de Sociología Aplicada (FOESSA), acaba de publicar o VIII Informe sobre Exclusión y Desarrollo Social en España. No dito informeponse de manifesto que vivimos nun momento de “clara mutación social”, no que as fendas que se están a producir na desigualdade, así como a xestión insolidaria feita da crise favoreceron o individualismo reactivo e xenófobo que están hipotecando o noso futuro; é dicir, na actualidade a exclusión social e a desigualdade poden estar sendo naturalizadas na súa comprensión social, pasando de ser lacras a combater a converterse en feitos que aceptar.

A mellora da economía ten impactado positivamente na evolución da exclusión social global en España, pero deixando a precariedade como característica principal: baixa calidade no emprego (traballadores pobres) e alto custo da vivenda. A integración social comeza a mostrar fracturas entre aqueles fogares que viven ben e aqueles que teñen esgotadas as súas reservas que, polo tanto, presentan situacións de vulnerabilidade que, ante calquera incidencia adversa, serán os primeiros en caer en situacións de pobreza e de exclusión social.

No estudo por CC.AA temos que a porcentaxe de poboación galega en exclusión en Galicia é dun 9,1 % en exclusión moderada e dun 8,4 % en exclusión severa, colocándonos na posición 10ª, nunha situación algo mellor respecto do conxunto do Estado (9,6 % e 8,8 % respectivamente); o que supón que o 17,5 % da poboación galega, 472.805 persoas, en 2018 se atopaba nunha situación de exclusión social moderada ou severa.

No mesmo informe, temos que o índice de Gini para Galicia é do 0,7446, situándonos no número 4 empezando pola cola de todas as CC.AA, tendo en conta que o índice de Gini é un indicador que se emprega para medir o nivel de desigualdade entre os habitantes dun territorio, no que o valor 0 fai referencia á igualdade plena e o valor 1 fai referencia a desigualdade plena.

Á vista destes datos ás deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



Que medidas económicas vai aplicar a Xunta de Galicia para axudar a saír da situación de exclusión social ao 17,5 % da poboación galega que se encontra nesta situación?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 11:09:26

Noela Blanco Rodríguez na data 02/08/2019 11:09:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2019 11:09:58

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/08/2019 11:10:19



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porrit Lueiro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O 7 de febreiro de 2019 a Consellería de Cultura e Turismo publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais cunha dotación orzamentaria de 500.000 €.

O obxecto destas axudas é *“dotar dos medios necesarios para que as entidades locais comprometidas coa acción cultural poidan executar os seus programas culturais, así como contar coas oportunas infraestruturas que lles permitan a adecuada realización das actividades culturais que promovan, garantindo o servizo público que prestan á cidadanía”*.

No Diario Oficial de Galicia do 26 de xuño publicouse a Resolución do 13 de xuño de 2019 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos solicitaron a subvención indicada?

2ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos foron excluídos ou lles foi denegada a subvención, e que causas motivaron a dita exclusión ou denegación da subvención?

3ª) Considera o Goberno galego que os veciños e as veciñas dun concello non agrupado, a efectos desta subvención, ou fusionado teñen máis dereitos que aqueles que viven en concellos que non cumpren este requisito?

4ª) Cales son os beneficios que persegue o Goberno galego coa concesión destas axudas priorizando as presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula?





Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 11:15:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 11:16:21

María Teresa Porrirt Lueiro na data 02/08/2019 11:16:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

O servizo de fisioterapia na sanidade pública galega aínda non está de todo normalizado, pese a repercusión que ten na poboación.

En Galicia, existe un déficit moi grande en canto a prazas públicas, ao que non se lle pon solución nesta última Oferta Pública de Emprego, xa que as prazas que se convocan son para consolidar a situación temporal das persoas que están interinas, o que provoca que sigamos moi lonxe de cumprir coas ratios recomendadas pola OMS.

Esta falta de creación de novas prazas no Sergas, non é comprensible tendo en conta o colapso con longas listas de espera tanto en Atención Primaria como en Atención Especializada que provoca unha derivación á privada e un aumento de gasto sanitario.

A planificación e aumento de fisioterapeutas no Servizo Galego de Saúde, tería como consecuencia unha mellora no sistema, xa que unha correcta aplicación da ratio de fisioterapeutas na Atención Primaria así como unha eficiencia no desenvolvemento das súas funcións, diminuiría a saturación da especializada, mellorando a calidade do sistema e a xestión de recursos que non terían que ir a parar a centros privados por incapacidade da pública na prestación do Servizo.





Ademais, o envellecemento da poboación galega vai unido a un aumento de procesos crónicos que supoñen un incremento de gasto para o sistema e que en moitos casos a fisioterapia supón unha ferramenta importante que pode abordar os mesmos.

Segundo o Colexio Oficial de fisioterapeutas de Galicia, a Consellería de sanidade ten elaborada unha Guía de fisioterapia na Atención Primaria, pero por motivos descoñecidos aínda non é pública.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Ten pensado o Goberno adecuar as ratios de profesionais de fisioterapia ao estipulado pola OMS?
- Cando teñen pensado publicar a última Guía de fisioterapia na Atención Primaria?
- Por que existe esta demora na publicación da Guía?
- Cales son as medidas que van a levar a cabo para que se de a coñecer entre os/as profesionais?
- Teñen pensado incorporar a fisioterapia ó Servizo Básico de Saúde en Atención primaria?

Santiago de Compostela, a 2 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/08/2019 11:33:46



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Desde o ano 2011, as augas do río Furelos, no concello de Melide, teñen análises negativas de Augas de Galicia. O Goberno local (do Partido Popular) sábeo desde aquel momento, aínda que sempre o negou. Ata que, xa en 2015, o entón deputado Xosé Sánchez Bugallo podía comprobar *in situ* que había varios colectores vertendo augas fecais a caño libre e chegando ao río Martagona, afluente do río Furelos. O Goberno municipal, presidido pola entón alcaldesa e hoxe conselleira de Medio Ambiente, Vivenda e Territorio, non adoptaba medidas correctoras oportunas.

Dáse a circunstancia de que, a poucos centos de metros do que estamos a describir se atopa no río Furelos unha praia fluvial utilizada por miles de persoas durante todo o verán. E resulta que, ano a ano, os posibles bañistas están avisados, non se recomenda o baño pois a calidade das augas é insuficiente (as análises deste ano 2019 tamén son negativas). Tanto é así que, para compensar, o Goberno municipal mantivo o pasado verán a gratuidade no acceso ás piscinas que dan servizo na área recreativa de Furelos. E esta situación vese incrementada polo feito de que o parque empresarial verte sen control ao río.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego desta situación?
2. Se o ten, que medidas ten adoptado ou pensado adoptar?
3. Realiza o Goberno controis periódicos da calidade das augas no río Furelos (Melide), á altura da praia fluvial?
4. Se a resposta anterior fose negativa, cales son as razón polas que non se teñen realizado eses controis?

Pazo do Parlamento, 02 de agosto de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 11:40:03

María Teresa Porrirt Lueiro na data 02/08/2019 11:40:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/08/2019 11:40:26

María Luisa Pierres López na data 02/08/2019 11:40:39



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En Galicia temos unha Lei de caza, a Lei 13/2013, do 23 de decembro, e que entrou en vigor no mes de xaneiro de 2014.

Esta lei non contén ningunha disposición que habilite ao Consello da Xunta de Galicia para ditar algún tipo de normativa de desenvolvemento nun prazo determinado, cando a realidade é que a lei se remite a un futuro regulamento de caza en ata 25 veces (en concreto, nos artigos 12, 15, 20, 25, 26, 29, 37, 40, 41, 42, 44, 46, 49, 50, 58, 59, 61, 63, 70, 76, 77, 78, 79, 85 e a disposición transitoria 4^a). Mais o certo é que teñen pasado xa 6 anos e nada se sabe do regulamento de desenvolvemento posterior á dita lei, polo que é preciso seguir a aplicar o regulamento do ano 2001 (decreto 284/2001, de 11 de outubro), *cos anacronismos correspondentes*.

O anterior significa que non hai control nin regulación específica para algunhas cuestións relativas aos tecores, á cesión de dereitos cinexéticos, aos terreos cinexéticos, á ordenación das explotacións cinexéticas e non cinexéticas, ás zonas de seguridade, aos plans de ordenación cinexética, ás licenzas, á seguridade nas cacerías, aos gardas de caza, ás infraccións ou aos comités de caza, cando menos. Cómpre o desenvolvemento da lei.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto o Goberno ditar disposicións de desenvolvemento da Lei de caza, a Lei 13/2013, do 23 de decembro?
2. Vai abrir o Goberno un procedemento aberto e participativo de cara a ese desenvolvemento? Cando?



3. É consciente o Goberno de que a lei se remite á vía regulamentaria en ata 25 veces?

Pazo do Parlamento, 02 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 11:47:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/08/2019 11:47:28

María Luisa Pierres López na data 02/08/2019 11:47:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

A falta de médicos de familia e de pediatría na Atención Primaria, constitúe un dos maiores problemas da do Servizo Galego de Saúde, que está afectado á calidade asistencial e os dereitos laborais do resto de persoal cando teñen que asumir cargas excesivas de traballo por falta de coberturas coa fin de evitar as listas de agarda, unha situación insostible que está a punto de provocar un colapso na Atención Primaria.

O centro de saúde de Mugardos, súmase ao resto de centros que se atopan nesta situación de falta de coberturas, que en moitos casos deixan de ser puntuais para converterse pola vía dos feitos en prazas amortizadas. Dos catro médicos que están no centro de saúde, case nunca están todos, chegando a estar en moitos casos soamente un. Esta situación provoca que moita xente teña que acudir ao PAC de Fene, con conseguinte saturación do mesmo que tamén sofre falta de cobertura dos seu facultativos. Unha cadea que afecta á calidade asistencial ante a saturación e a falta de seguimento e atención continuada que se precisa.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguinte PREGUNTAS:

- Ten coñecemento o Goberno da situación que se está a vivir no Centro de Saúde de Mugardos pola falta de cobertura do persoal?
- Cando e como ten pensado o Goberno poñer solución a esta situación?
- Considera o Goberno que esta falta de coberturas garanten unha boa calidade asistencial?





- Considera o Goberno que as e os profesionais está na traballar en boas condicións?

Santiago de Compostela, a 2 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/08/2019 11:59:01



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022 esixe que a acumulación e almacenamento de restos industriais, de construción e de demolición se faga co debido tratamento previo para evitar danos ao medio ambiente. O obxectivo non é outro que evitar que se realicen vertidos aforrando os custos dunha correcta xestión, que pasaría polo seu traslado a empresas de tratamento.

Ocorre que, no concello coruñés da Laracha, a “Asociación Profesional de Recicladores de Residuos de Construción e Demolición de Galicia” vén de denunciar un acopio de varios anos, depósito ilegal e xestión irregular de residuos de construción e demolición, potencialmente contaminantes, en fincas privadas sitas preto do campo de fútbol municipal. O Concello da Laracha notificou nestes días que, segundo o PXOM, son fincas rústicas, polo que as competencias recaerían na Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego de que varias compañías levan anos facendo acopio, depósito ilegal e xestión irregular de residuos de construción e demolición, potencialmente contaminantes, en fincas de solo rústico sitas no concello da Laracha?
2. Se a resposta anterior fose positiva, autorizou o Goberno estes vertidos?
3. Houbo tratamento axeitado, tal e como esixe o propio Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022?
4. É consciente o Goberno de que, sen tratamento, a acumulación e vertido deste tipo de restos pode producir un gran dano ao medio ambiente?
5. Se non houbo autorización nin ningún tratamento, vai depurar e/ou asumir o Goberno responsabilidades?



6. Está a aplicar o Goberno galego o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022?

Pazo do Parlamento, 02 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 12:16:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/08/2019 12:16:58

María Luisa Pierres López na data 02/08/2019 12:17:09



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Mediante Orde da Consellería de Facenda de 31 de marzo de 2017 (publicada no DOG do 7 de abril de 2017), convocábase o correspondente proceso selectivo ao Corpo de Inspectores Veterinarios da Xunta de Galicia. Este grupo parlamentario solicitara a copia completa do expediente do proceso de oposicións ao dito corpo, incluíndo as actas do Tribunal opositor dende o seu nomeamento orixinario, alegacións e recursos presentados contra o nomeamento do Tribunal, preguntas impugnadas e resultados das impugnacións e lista de opositores aprobados. En resposta de 26 de novembro do ano pasado, o Goberno respondía que o proceso de selección non estaba rematado, que aínda estaban pendentes de se resolver varios recursos administrativos referidos a anteriores acordos do Tribunal de selección e que non se podía aportar a documentación.

Teñen pasado xa 2 anos e 2 meses dende a publicación da convocatoria no DOG e aínda non está resolto o proceso selectivo para as persoas aprobadas, pois transcorreron case 3 meses desde a finalización do prazo para achegar méritos e 1 ano desde o comezo da primeira proba. Parece ser que está todo pendente dun informe que debe emitir a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e que, en tanto non se emita, non se poden publicar as puntuacións definitivas, mais todo é un supoñer...

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Sabe o Goberno da Xunta de Galicia se está xa rematado o proceso de selección ao Corpo de Inspectores Veterinarios da Xunta de Galicia, convocado mediante Orde da Consellería de Facenda de 31 de marzo de 2017 e publicado no DOG de 7 de abril de 2017?
2. Están aínda pendentes de se resolver varios recursos administrativos referidos a anteriores acordos do Tribunal de selección?
3. Está aínda pendente de se emitir un informe da Asesoría Xurídica da Xunta?



4. Sabe o Goberno cando se van publicar as puntuacións definitivas neste proceso de selección?

Pazo do Parlamento, 02 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 12:24:51

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/08/2019 12:25:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 12:25:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguinte **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

Os recortes levados a cabo en Galicia, afectaron moi negativamente no conxunto da sanidade pública, pero dun xeito especial ao ámbito da Atención Primaria, un problema que está a brotar por toda Galicia e do que Fene non escapa.

A falta de persoal dentro da Atención Primaria, provoca a non cobertura de baixas, vacacións ou permisos, que se traduce nunha masificación das consultas, un aumento dos cupos por enriba das ratios estipuladas e un incremento da lista de espera que pode chegar ata dúas semanas para unha cita médica no centro de saúde.

No caso de Fene, existen eses problemas na substitución de persoal, así como a redución de facultativos no verán e a posible amortización dunha das actuais prazas pola xubilación dun médico este pasado 19 de xaneiro. Actualmente, das 10 prazas de médico de familia que hai en Fene, soamente esta cubertas 8, xa que non se levan a cabo nin a cobertura da xubilación, nin unha baixa de longa duración da quenda de tarde. Un 20% menos de médicos que repercute directamente na calidade asistencial e nas condicións laborais do resto de facultativos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguinte preguntas:





- Cando ten pensado a Consellería cubrir a xubilación e a baixa de longa duración do Centro de Saúde de Fene?
- Por que aínda non levaron a cabo a cobertura deses postos?

Santiago de Compostela, a 2 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/08/2019 12:32:49



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No pasado mes de abril, as 11 persoas que ditaron veredicto polo “crime da rozadora”, xulgado na Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra, padeceron un calvario. Foi tan denigrante que unha das persoas que participaron naquel xurado popular ata presentou unha queixa ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ocorre que o Goberno galego non se ocupou -nin ocupa- da intendencia (aloxamento, manutención e outros coidados) relacionada cos xurados na provincia de Pontevedra, malia ser a súa obriga, posto que a Dirección Xeral de Xustiza coñece os sorteos de xurados 2 ou 3 meses antes de que comecen os xuízos. Pola contra, son os funcionarios e as funcionarias da Audiencia Provincial (diligentes de máis) quen se encarga deste “traballo doméstico” dende hai uns 5 anos, malia non ser a súa obriga (as funcións dos corpos de Xestión Procesual e Administrativa, Tramitación Procesual e Administrativa e Auxilio Xudicial veñen concretadas nos artigos 476, 477 e 478 da Lei orgánica do poder xudicial, do 1 de xullo de 1985).

O día 24 de maio, o responsable do Sindicato Nacional de Xustiza de Galicia de UGT solicitaba do Director Xeral de Xustiza que dera unha explicación inmediata sobre as instrucións dadas aos funcionarios e funcionarias dos Corpos ao servizo da Administración de xustiza destinados nas audiencias provinciais en relación á atención da cidadanía xurada. Segue a agardar a resposta.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia de que son os funcionarios e as funcionarias da Audiencia Provincial de Pontevedra quen se encargue da intendencia relacionada cos xurados da provincia dende hai anos?
2. Sabe o Goberno cales son as funcións dos corpos de Xestión Procesual e Administrativa, Tramitación Procesual e Administrativa e Auxilio Xudicial



concretadas nos artigos 476, 477 e 478 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, de 1 de xullo de 1985? Sabe se nesas funcións se atopa a intendencia relacionada cos cidadáns designados xurados?

3. Cantas persoas ten designado o Goberno para esta función?
4. Vai responder o Goberno á solicitude feita polo Sindicato UGT ao director xeral de xustiza para que dea unha explicación inmediata sobre as instrucións dadas aos funcionarios dos Corpos ao servizo da Administración de xustiza destinados nas audiencias provinciais en relación á atención da cidadanía xurada? Cando?

Pazo do Parlamento, 02 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/08/2019 12:32:05

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/08/2019 12:32:17

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/08/2019 12:32:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

A situación da Atención Primaria está ao límite do colapso, con dimisións de profesionais e folgas pola falta de recursos tanto no persoal como no propio material dos centros de saúde.

Respecto ao material, as carencias están chegando ata tal punto que fai unas semanas o Centro de Saúde de Foz non tiña nin papel de manso u agullas de extracción para analíticas, material totalmente básico que a súa falta impide o que debe ser un funcionamento normal dentro do centro de saúde.

Este abastecemento de material únese a un dos servizos privatizados nos que á vista está que o Sergas non realiza os controis suficientes para que se cumpra en tempo e forma, provocando problemas que afectan á calidade asistencial da nosa sanidade, tanto no subministro de material, como no transporte ou a reparación da tecnoloxía.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Ten o Goberno coñecemento desta situación?
- Ten coñecemento o Goberno de outros centros de saúde nos que estean a darse situación similares?
- Non ten pensado o Goberno asumir ningunha responsabilidade respecto a falta de control no subministro de produtos de primeira necesidade?





- Considera o Goberno que se está a prestar una asistencia sanitaria de calidade ante a falta de material tan básico?

Santiago de Compostela, a 2 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/08/2019 12:54:50



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Antón Sánchez García, deputada e deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 2ª**.

Recentemente realizouse un dragado no Porto de Cariño tras múltiples demandas da poboación local e do sector que depende socioeconomicamente do mar. Malia que ese dragado se considera necesario, existe preocupación por parte da poboación dado que é coñecido que a ría do Ortegaleira é un depósito habitual de metais como o níquel e o cromo, entre outros, en elevadas concentracións.

É ben sabido que o complexo xeolóxico de Ortegaleira é rico nestes minerais. E non se pode obviar que nunha das parroquias do Concello de Cariño, Landoi, sitúase unha mina de explotación de dunita a ceo aberto, mineral que é transportado por terra a diario, utilizando o transporte pesado ata o Porto de Cariño, onde se acumula para o seu posterior traslado por mar a fundicións.

Existen outros elementos que preocupan á poboación, como a alarmante e evidente diminución de determinadas capturas de especies, en especial dos bivalvos, nas áreas de marisqueo como Sismundi e Figueiroa, constatados nos rexistros da Consellería do Mar (Intecmar, Pescadegalicia). Así, por exemplo, dun total de 5849 quilos de ameixa fina recollidos no 2001 pasouse a 685 no 2019. Se observamos outras especies, como o berberecho, pasouse de 4120 no 2006 a 220 quilos no 2013, non recolléndose ningún quilo na actualidade. No que respecta á ameixa xaponesa as capturas decreceron de 14.000 quilos a 82 entre os anos 2001 e 2018.





Os e as habitantes do concello de Cariño identifican cambios morfolóxicos no calado da ría tremendamente substancial: presenza de lodos en Feás e Sismundi e en todo o interior da ría, de modo que lugares onde se teñen construído e botado barcos (carpinterías de ribeira) xa non resultan accesibles ás embarcacións. O depósito de sedimentos cobre o fondo mariño, que sufríu un empobrecemento ostensible.

Outra circunstancia a valorar no estado de conservación medioambiental da ría é o depósito dos residuos tóxicos e perigosos (Prestige e outros) no concello veciño de As Somozas, por onde transcorre o río Mera, que drena tamén á ría do Ortegal.

O pasado ano, no Congreso da *Asociación técnica de puertos y costas*, unha ponencia facía alusión literal ao “Dragado del Puerto de Cariño: Caso de gestión de materiales de categoría C con anomalías geoquímicas”. Revisando as “Directrices para la caracterización del material dragado y su reubicación en aguas del dominio público marítimo-terrestre” do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio ambiente e a Comisión Interministerial de Estrategias marinas, podemos observar como os materiais catalogados como C son considerados tóxicos, e, polo tanto, deben serlles aplicadas técnicas de confinamento e tratamento, así como ser obxecto de vixilancia ambiental.

Debemos ter en conta que, malia que formalmente só se considera “contaminación” (Clark, 2001) aquela que ten orixe na actividade humana, hai que considerar outro enfoque se falamos das repercusións na saúde humana (que é unha das máis relevantes consecuencias): o dos niveis sobre os seres vivos do cromo e o níquel (e outros metais).

A administración estadounidense para o control da atmosfera e os océanos (NOAA) establece dúas medicións de metais nos sedimentos costeiros que se





correlacionan coa toxicidade para os seres vivos, o ERL e o ERM. Pois ben, na ría do Ortegal, estes niveis son de 81 e 370 mg/kg para o cromo e 21-52 mg/kg para o níquel, respectivamente.

“En base a estas referenzas, os seres vivos que vivan na plataforma costeira do Ortegal poderían sufrir danos que afectaran ao 60-90% da poboación. A fin de establecer con rigor a toxicidade deste sedimento, habería que realizar unha extracción secuencial para determinar a labilidade dos metais e realizar experimentos de ecotoxicidade”.

Esta afirmación literal é sostida por un estudio realizado polos investigadores Prego (CSIC) e Caetano no ano 2015 e publicada co nome *El impacto biogeoquímico de Cabo Ortegal en su entorno costero: ¿puede ocurrir una contaminación natural por cromo y níquel?* Investigación, Cultura, Ciencia y Tecnología 7(14): 40-46 (2015), Universidade de Vigo.

Por este motivo, a deputada Flora Miranda e o deputado Antón Sánchez formulan as seguintes preguntas:

-Cales son os resultados en termos analíticos das mostras tomadas con ocasión dalgún verquido polo SEPRONA e por Augas de Galicia nos ríos Seixo, Lourido e Mera?

-Que explicación lle atopa a Consellería do Mar á desaparición de múltiples especies de bivalvos nas áreas de marisqueo de Sismundi e Figueiroa e na ría do Ortegal en xeral?

-Desenvolveuse por parte da Xunta de Galicia algún estudio para coñecer como afecta á saúde das persoas do Ortegal a elevada concentración de Cromo e Níquel?

-Cales son as concentracións de cromo e níquel en aire ambiente?





- Realizouse algún estudio por parte da Xunta de Galicia, tal como recomendaba o CSIC no 2.015, da toxicidade da elevada concentración de metais na ría do Ortegal sobre os seres vivos?
- Existe algunha documentación sobre o efecto adicional da mina de dunita sobre os niveis de metais na ría de Ortegal?
- Que control se fai das balsas de decantación da mina de dunita ante a posibilidade de desbordamento coa contaminación secundaria?
- Cales son os mecanismos de control medioambiental que teñen sobre a comarca de Ortegal a mina de dunita de Landoi e a planta das Somozas?
- Qué valoración fai a Xunta de Galicia da situación ambiental da Ría do Ortegal?

Santiago de Compostela, a 5 de agosto de 2019

Asdo.: Flora Miranda Pena

Antón Sánchez García

Deputada e deputado do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 05/08/2019 11:09:20

Antón Sánchez García na data 05/08/2019 11:09:39



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Paula Quinteiro Araújo e Antón Sánchez García, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª,** sobre o emprego de estratexias non letais para o control de fauna silvestre.

A autorización de batidas, en diferentes modalidades, vén sendo a única solución que ofrece a Xunta de Galicia diante das chamadas de atención de gandeiros e agricultores que perden parte do seu traballo por mor da aparición de animais silvestres nos seus espazos de traballo, responsabilizando aos seres vivos dunha problemática moito máis fonda de falta de políticas no rural por parte do executivo autonómico.

Así, resulta habitual que as sociedades de cazadores de cada zona saian declarando as bondades da súa afición, que non é outra cousa que saír aos montes galegos a cazar animais cunha escopeta ou coa axuda de cans que, algúns rematan perdidos, feridos ou mesmo mortos, sen que exista ningún control sobre esta problemática de benestar animal.

Diferentes estudos teñen advertido que a presión da caza exerce un papel de 'rebote' nas poboacións de animais cualificados como "cinexéticos", como o caso do xabaril, do raposo ou dos coellos, contribuindo a un incremento destas poboacións por culpa da excesiva presión á que se somete a estas especies, o que deriva en máis incursións a terreos de aproveitamento agrícola, invasión de vías de tránsito rodado, co conseguinte risco, e a enésima autorización de novas batidas.

A pobreza argumental dos cazadores é evidente. Non existe ningún traballo científico que avale esta práctica como método de control da poboación de fauna





silvestre e moito menos que unha batida poida desenvolver papel algún na redución de danos en colleitas ou en explotacións gandeiras. Non se demostra porque non interesa comezar a xustificar a barbaridade de milleiros de autorizacións de batida fóra da preceptiva tempada de caza, evidenciando a privatización dos espazos naturais no noso país en beneficio dunha ultraminoría.

O noso campo precisa de políticas valentes, de peso, que contribúan á fixación de poboación, á creación de emprego e a potenciación dos sectores produtivos, que pasa non só por traballar con estas poboacións, senón tamén por reflexionar sobre o papel que os agricultores e agricultoras galegas teñen no sistema de produción, con prezos fixados por grandes corporacións e onde a primeira parte leva o peor resultado.

A ineficacia da caza no control de especies pon sobre a mesa novas propostas e alternativas que se están aplicar en diferentes puntos de España, que destacan pola súa ética e pola necesidade de non ter que masacrar animais. Así, propóñense accións como os valados, o control das fontes de alimento, a delimitación de zonas a través de recursos olfactivos, a introdución de comedeiros forestais, a prohibición absoluta da caza de depredadores, como o lobo e mesmo o control de natalidade con métodos anticonceptivos, como a esterilización.

Varios municipios de Cataluña xa amosaron a súa disposición a testar este tipo de métodos éticos coa fauna, polo que a Xunta debería comezar a estudar e avaliar a implantación de modelos alternativos á simple autorización de cacerías. Tamén países europeos teñen instalado reflectores nas súas autoestradas e estradas, reducindo de maneira importante o número de accidentes e avistamentos de corzos e xabarís.





Así, a última ocorrencia da Xunta de autorizar batidas con arqueiros en zonas periurbanas, como o caso máis coñecido de Lugo, e cuns resultados catastróficos a pesares do triunfalismo do goberno, poñen sobre a mesa o ineludible debate sobre en que mans se atopan as potenciais políticas de convivencia coa fauna silvestre, se en persoas expertas ou en lobbies interesados no mantemento de determinadas prácticas cruentas que non amosan un aval científico claro e que non superarían unha revisión por parte de profesionais.

Outro exemplo vén da Deputación de Barcelona, xunto coa Generalitat, que desenvolveu unha guía pioneira en todo o estado español na que se ofrecen diferentes medidas preventivas para a presenza de fauna urbana, e que foi elaborada por expertos en bioloxía e enxeñería de montes, non por escopeteiros sen competencias científicas.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Como valora a Xunta de Galicia os métodos non letais que se están poñendo en práctica xa noutros lugares?
- 2.^a) Considera a Xunta de Galicia que as actuacións levadas a cabo ata o momento están funcionando correctamente?
- 3.^a) Ten pensado a Xunta de Galicia probar novas fórmulas co fin de obter mellores resultados?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araújo

Antón Sánchez García





Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 05/08/2019 11:39:07

Paula Quinteiro Araújo na data 05/08/2019 11:39:12

Antón Sánchez García na data 05/08/2019 11:39:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado domingo 7 de Xullo o Concello de Valga, como presunta entidade organizadora e promotora, realizou unha “solta de vaquillas” nun recinto pechado ubicado na praia fluvial de Vilarello, contando supostamente coa totalidade de permisos e autorizacións requiridos para este tipo de eventos.

Durante a actividade taurina varios xornalistas reflicten a persoa menores de idade, e presuntamente menores de 12 anos, nos graderíos, e así o sinalan en diferentes crónicas publicadas en distintos xornais, existindo galerías fotográficas que acreditarían un acceso prohibido destas persoas ao recinto.

A recente lei de Espectáculos Públicos contempla no seu artigo 33, apartado c) como infracción grave:

c) Admitir o acceso a espectáculos taurinos en recintos pechados ás persoas menores de doce anos.

Esta situación amosa a falta de control por parte do Concello do PP de Valga como presunta entidade promotora, que non adoptaría as medidas precisas para impedir o libre acceso de persoas menores de 12 anos, a pesares de constituír unha actividade gratuíta, o que non impide a adopción das actuacións mínimas para garantir a prohibición contemplada na Lei mencionada con anterioridade.





Polo exposto, preséntanse as seguintes Preguntas:

- 1.^a) Ten a Xunta de Galicia iniciado unha investigación e comprobación dos feitos para que, tralos trámites legais oportunos, se inicien os preceptivos expedientes sancionadores contra as persoas implicadas nos mesmos?
- 2.^a) Vai tomar medidas a Xunta de Galicia para que situacións como esta non volvan repetirse?
- 3.^a) Coñece a Xunta de Galicia as recomendacións de Nacións Unidas ao respecto da participación de menores en espectáculos taurinos?
- 4.^a) Conta a Xunta de Galicia con estudos que afirmen o contrario?
- 5.^a) A Xunta de Galicia ten pensado facer algo ao respecto desas recomendacións?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 05/08/2019 11:48:00

Antón Sánchez García na data 05/08/2019 11:48:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

A Consellería de sanidade ven de anunciar a implantación do Servizo hemodinámica 24h para o HULA, despois de anos de reivindicacións do Servizo por parte do persoal sanitario, as organizacións sindicais, os partidos políticos da oposición e a maior parte da cidadanía, unha demanda social á que o Goberno fixo oídos xordos ata agora.

Segundo datos da Comisión de Control e seguimento do programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio, existía marxe de mellora neste campo en relación aos tempos de atención, de feito, o propio Goberno declaraba que a implantación deste Servizo salvaría moitas vidas, o que fai pensar si antes eran conscientes do que supoñía que non fora implantado e o que supón que a día de hoxe non exista en Ourense dito Servizo, sendo a única provincia de Galicia que non dispón do mesmo, o que sen dúbida constitúe un agravio comparativo e unha vulneración do principio de equidade respecto a asistencia sanitaria que se presta.

O criterio das e dos profesionais na materia é unánime ao sinalar que a atención inmediata nos infartos aumenta as posibilidades de supervivencia, polo que non se entende que os criterios que foron aplicados no resto de provincias non sexan aplicados tamén para Ourense.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Ten pensado o Goberno deixar ao CHUO sen este servizo as 24 horas a pesar de ser consciente das vidas que salva?
- Cal é o motivo de manter discriminada a esta zona e non poñer o servizo de xeito permanente?
- Cal é o amparo legal para vulnerar o principio de equidade na prestación deste servizo?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/08/2019 12:12:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, sobre a oferta pública de emprego para o ensino.

Se hai uns meses alertamos de que a oferta pública de emprego anunciada pola Consellería de Ensino era insuficiente para dar resposta ás necesidades do ensino público toda vez que non permitiría recuperar as prazas docentes suprimidas coa excusa da crise, nin para recuperar a porcentaxe de persoal interino que tiñamos antes da chegada do Partido Popular ao goberno; coñecidos os resultados dos tribunais constatamos, ademais, que as cifras anunciadas eran, en grande medida, maquillaxe.

Deste xeito, das 2.064 prazas que a Consellería de Educación anunciara que ía ofertar, tan só se cubriron 1.671. Unha cifra inferior á da convocatoria de 2018, na que se adxudicaron 1723 prazas dun total de 2050 ofertadas. Este é o cerne da denuncia que fai CIG-Ensino, que afirma que a maior parte das prazas que fican desertas proveñen da convocatoria de promoción interna ou acceso.

A CIG-Ensino lembra que xa denunciara na Mesa Sectorial na que a Xunta “impuxo unilateralmente a oferta de emprego” que se estaba a incrementar estas prazas máis alá do mínimo fixado pola normativa legal “para poder vender que se superaba novamente a cifra de 2.000 prazas na OPE (oferta pública de emprego)”.





Nas probas de ingreso destacan as **especialidades dos corpos de profesorado de ensino secundario (PES) e de formación profesional (PTFP)**, xa que dun total de 1018 prazas entre ambos corpos só aprobaron 922 aspirantes, ficando sen cubrir 96 prazas, preto dun 10% do total. No caso do corpo de mestres a única especialidade na que non se cubriron todas as prazas volve ser de novo Francés, na que son máis as prazas desertas que as cubertas (38 e 32 respectivamente).

Entre as especialidades **nas que non se cubriron todas as prazas destacan a de Informática**, con preto da metade de prazas sen adxudicar, **FOL, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos (PES) ou Mantemento de Vehículos (PTFP)**, todas eles con ao redor dun terzo de prazas vacantes. Matemáticas volve de novo a deixar prazas desertas, nesta ocasión cun 19% de prazas sen adxudicar.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que valoración fai o Goberno galego da elevada porcentaxe de prazas que quedaron sen cubrir?
- 2.^a) Cando pensa chegar o Goberno galego ao 5% de persoal interino?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/08/2019 12:33:21

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/08/2019 12:33:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

Os datos tanto do CIS como os que manexan os propios colexios farmacéuticos ou entidades sociais que traballan con persoas en situación de vulnerabilidade, reflexan que a pobreza farmacéutica forma parte dunha realidade no noso país que afecta cada vez a máis persoas.

Políticas como as do copago farmacéutico, non fixeron máis que incrementar esta realidade, que lonxe de intentar ser atallada polo Goberno, depende máis de iniciativas privadas como a do Banco Farmacéutico de Galicia, que constituíuse o ano pasado e como fundación de interese galego para intentar dar resposta a esta problema.

Segundo datos que expoñía o Banco Farmacéutico, no ano 2017 a taxa de risco de pobreza e exclusión social era do 25%, cifras moi similares aos peores anos da crise, o que nos da unha mostra de que a suposta recuperación económica no tivo incidencia na redución da pobreza. Máis de 100.000 persoas en Galicia atópanse en situación de pobreza severa, unha situación na que as persoas afectadas non poden tratar correctamente a súa enfermidade, tendo que renunciar ao coidado da saúde por temas económicos.

Unha Administración responsable debe ter un control na adherencia terapéutica da poboación, xa que trae consecuencias moi negativas como o aumento da morbilidade e mortalidade, ademais de poñer implantar as medidas necesarias





para que ningunha persoa teña que renunciar á súa saúde por motivos índole económica.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Ten realizado o Goberno algún estudio en relación ao control na adherencia terapéutica especialmente por motivos de índole económica?
- Ten pensado o Goberno implantar algunha medida de control na poboación sobre a adherencia terapéutica, prestando especial atención á falta de adherencia por cuestións de pobreza?
- Cales son os datos que manexan en relación a este tema?
- Teñen pensado algunha medida para atallar o problema?

Santiago de Compostela, a 5 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:





Eva Solla Fernández na data 05/08/2019 12:47:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a**.

A necesidade de mellorar a sinalización das bateas en termos de luminosidade é unha reivindicación que leva anos facendo o sector pesqueiro. Isto permitiría que se identificaran os vértices dos polígonos para evitar colisións, xa que estas poden rematar en traxedias como aconteceu o día 26 de abril do ano 2017 na Illa de Tambo.

O informe dos técnicos de Fomento, da Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos, sobre este accidente, do cerqueiro Nuevo Marcos, volve por en evidencia que a falta de ditas sinalizacións luminosas contribuíron a que o barco impactase contra unha batea e se afundira posteriormente.

Xa no ano 2015, a Consellería do Mar anunciaba que estas instalacións contarían con balizas para mellorar a seguridade. Afirmando que en dous anos se instalarían estas balizas.

No ano 2017, en abril, volvía a anunciarse que o plan comezaría de maneira definitiva nos seguintes meses.

Este proxecto estivo orzamentado en varias ocasións, pero, catro anos despois dos anuncios feitos, descoñécense avances.

Recentemente, a Conselleira do Mar, anunciaba que a Xunta de Galicia procederá a iluminar as bateas de cultivo de mexillón da ría de Muros e Noia como primeiro paso, ao recibir xa a autorización da Administración central. Pero





non aclara que prazos contemplan para levar adiante o plan no seu conxunto, algo imprescindible para mellorar a seguridade.

Por todo o anterior, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que prazos contempla a Xunta de Galicia para levar adiante o conxunto do Plan de sinalización luminosa das bateas?
2. Que medidas vai levar adiante para dar cumprimento aos anuncios que fixeron xa no ano 2015 da sinalización no conxunto das rías?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Paula Quinteiro Araújo
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Flora María Miranda Pena na data 05/08/2019 13:25:07

Paula Quinteiro Araújo na data 05/08/2019 13:25:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Durante as primeiras fases do procedemento, algunhas pequenas empresas de ambulancia xa advertían das consecuencias da baixa nas condicións económicas ao non ver factible poder prestar un servizo de calidade con eses prezos.

A primeira noticia de incumprimento chegou da man dos recortes para as condicións laborais do persoal do servizo, cando un ano despois da adxudicación do mesmo, a Federación Galega de Empresarios de Ambulancias, solicitaba non aplicar o Convenio Colectivo por unha suposta capacidade económica para mantelo.

En medio do empeoramento das condicións laborais das traballadoras e traballadores, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio deste investigación, a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que as ambulancias non cumprían coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de peso ou a falta de rodas de reposto.





Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitarse á Fundación do 061 a resolución do contrato.

Todos estes feitos, amosan o fracaso no mantemento dun modelo xestión que prima criterios económicos fronte a condicións laborais dignas e servizo de calidade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Considera a Xunta de Galicia que ante estes feitos, está a prestar un servizo de calidade respecto ao transporte sanitario de emerxencias?
- Teñen feito dende o Goberno algún estudo respecto ao cambio a un modelo de xestión directa do servizo?
- Ante o anuncio dunha nova licitación, cales son os cambios introducidos nos pregos de contratación para evitar que se volvan a repetir estas situacións?
- Por que non escoitou a Xunta de Galicia as advertencias respecto das baixas temerarias?
- Por que seguen tendo en conta o exclusivamente o criterio económico pese a comprobar os problemas que derivan do mesmo?

Santiago de Compostela, a 5 de agosto, de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/08/2019 13:29:49



A Mesa do Parlamento

María Isabel Novo Fariña, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Jose Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e M^a Julia Rodríguez Barreira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O Goberno galego aumentou nos últimos anos os seus esforzos no eido das emerxencias co obxectivo de mellorar as prestacións e seguir adaptando a seguridade aos novos tempos.

Desde o Grupo Popular consideramos que hai que seguir dotándoos de medios porque a labor dos servicios de emerxencias e seguridade é unha parte fundamental da nosa sociedade, xa que falamos da seguridade dos cidadáns e de situacións de risco e casos extremos e complexos como foron as situacións dos incendios.

Nese sentido, a Xunta actualizou en 2018 o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunicade Autónoma de Galicia (PEIFOGA). Un plan que levaba sen actualizar desde 2001 e que nesta nova revisión se adaptou á nova lexislación e ás novas directrices básicas en materia de protección civil.

Nesta liña de traballo, planificar e previr, son dous requisitos fundamentais nas emerxencias. A prevención é básica para conseguir diminuír as emerxencias pero tamén temos que saber como actuar fronte a elas, planificar e coordinarse ante posibles emerxencias. Por iso, o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias leva



anos apostando por esta estratexia incrementando o número de simulacros nun 10% dende o 2017 por toda Galicia e en distintos ámbitos.

Tamén o novo PEIFOGA necesita simulacros para poñelo a proba. Nese sentido, a Xunta puxo en marcha nestes meses simulacros da activación do PEIFOGA nas catro provincias, mobilizando todos os medios dos servizos de emerxencias.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Que avaliación fai o Goberno galego do resultado dos simulacros do Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais efectuados neste ano?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

María Isabel Novo Fariña na data 05/08/2019 13:50:51

Beatriz Mato Otero na data 05/08/2019 13:51:03

Jacobo Moreira Ferro na data 05/08/2019 13:51:25

José Manuel Rey Varela na data 05/08/2019 13:51:37

Alberto Pazos Couñago na data 05/08/2019 13:52:03

Paula Prado Del Río na data 05/08/2019 13:52:21

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/08/2019 13:52:50



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, sobre o peche de aulas para o vindeiro curso.

Un ano máis o Goberno galego aproveita o parón estival para anunciar peches de unidades educativas. Esta vez temos que lamentar a supresión de 67 unidades de infantil, primaria e educación especial. Ás que sumar o peche de 6 escolas unitarias máis: as escolas de Educación Infantil de Portocubelo e do Viso no municipio de Carnota; o servizo da EEI do Seixo de Mugar dos, do CEIP da Polveira en Trazo, a EEI de Arcos de Furcos, en Cuntis e o EEI de Zamáns, en Vigo. Todas estas escolas suman 26 alumnas e alumnos que teñen que ser reubicados.

Lamentablemente este xeito de proceder non é unha excepción, senón que se insire no proceso de asfixia que vén padecendo o ensino público, que afecta, de xeito específico, ás escolas do medio rural. Deste xeito, o potencial da escola como espazo de socialización e como dinamizadora das comunidades rurais está sendo ignorado. As medidas que se toman por parte da administración educativa contrádinse manifestamente cunha planificación comprometida coa realidade do mundo rural e cunha liña de ensino de calidade.

Porque non só temos que lamentar peches de centros, senón que a esta situación debemos sumar como outras escolas unitarias do País ven recortados os seus servizos, como no caso de Verducido, onde a comunidade educativa realizou





múltiples protestas durante este curso para pelexar polo mantemento do profesorado e a continuidade da escola.

Tal e como denuncian os sindicatos, ao tempo que a sangría se estende co peche de aulas, a política de corte neoliberal que practica o goberno do PP, cunha concepción mercantilista da educación, tamén alcanza os postos de traballo: serán 62 mestras e mestres menos os que comece o curso 2019/20.

A redución de postos de traballo, superior nun 7% á do curso anterior, levará consigo o despedimento de persoal interino e o desprazamento de profesorado definitivo a outros colexios e terá unha especial incidencia na especialidade de Educación Primaria, na que se concentra máis da metade das prazas suprimidas.

A obriga das Administracións públicas é garantir o dereito de todas as nenas e nenos de Galicia a unha educación cos mesmos estándares de calidade, independentemente do lugar no que vivan, por iso, será preciso apostar pola discriminación positiva cara o ensino no rural de xeito que poidamos paliar o desequilibrio territorial. Deste xeito, cómpre mudar radicalmente a lóxica imperante na política educativa de xeito que se abandone a lóxica economicista para centrarse nunha óptica dos dereitos. Unha nova visión que deberá inserirse nunha planificación global do mundo rural, que se encamiñe ao mantemento de servizos de calidade e xeración de oportunidades económicas como única vía de frear o despoboamento das vilas e pobos de Galicia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Por que a Conselleira de Educación non informou destes peches na súa comparecencia en sede parlamentaria o pasado 25 de xuño?
2. Vai teimar o Goberno galego no desmantelamento do ensino rural?





3. Ten pensado o Goberno galego abordar un plan integral de ensino para o rural?
4. Cando se recuperarán os postos docentes que tiñamos antes da crise?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/08/2019 13:59:05

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/08/2019 13:59:19



Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**

Os poderes públicos, e toda a sociedade temos a obriga de rematar coa dobre discriminación que poden chegar a sufrir as mulleres, e canto máis as mulleres en situación de extrema vulnerabilidade, as que teñen algunha discapacidade e sofren violencia sexual. Recoñecer que existe é o primeiro paso para erradicala e así, nas familias, nos centros de día, residencias, e diferentes entornos institucionais debe previr a violencia sexual e levarse a cabo a formación para a detección e prevención da mesma.

Xa indica a nosa Lei galega, previa á Normativa do Convenio Europeo de Estambul e por tanto pioneira en catalogar este tipo de delito co recoñecemento de vítima de violencia de xénero, que a violencia sexual e abusos sexuais inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller e que abarcan a imposición, a través da forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

Canto maior sexa a indefensión e o desamparo das nenas e das mulleres aumenta a posibilidade de sufrir abusos sexuais e as mulleres con discapacidade intelectual convértense en “posibles vítimas” para este tipo de delito. A dependencia dos seus cuidadores, o medo á denuncia, a falta de visión para pórle cara ao abusador, a falla de credibilidade ante o entorno, as dificultades na comunicación, a posibilidade do rexeitamento, son posibles obstáculos que hai que solventar de cara a erradicación deste tipo de violencia.

É na Lei galega contra a violencia machista do 2007 onde se reflicten, nos seus principios xerais, dous puntos fundamentais: por unha banda evitar a vitimización secundaria sendo as administracións públicas as que procuren que as mulleres teñan garantida a súa integridade psicolóxica e a súa autonomía social e económica a través dos recursos axeitados. E por outra a coordinación e colaboración dos poderes públicos promovendo a participación das asociacións de mulleres, así como das entidades e organizacións da sociedade civil. Así, dun xeito transversal, a colaboración



pública, privada e das entidades sen ánimo de lucro farán que poidamos erradicar, entre todos, este tipo de violencia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1- En que consiste a guía contra as Agresións Sexuais nas rapazas e mulleres con Discapacidade? Ten un espazo temporal delimitado?**
- 2- Onde se difundirá e cal é o medidor do resultado da mesma?.**

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/08/2019 14:48:56

Paula Prado Del Río na data 05/08/2019 14:49:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/08/2019 14:49:24

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 05/08/2019 14:49:43

Marta Rodriguez Arias na data 05/08/2019 14:49:56

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 05/08/2019 14:50:12

María Soraya Salorio Porral na data 05/08/2019 14:50:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/08/2019 14:50:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

No pasado ano de 2017 retiráronse oficialmente case 24.000 niños de velutinas, a metade na provincia da Coruña, iso sen contar aqueles retirados por apicultores afeccionados que non se contabilizaron.

Non cansaremos de repetir que se trata dunha praga que ameaza seriamente a biodiversidade e que está causando graves perdas na apicultura, na fruticultura e na polinización en xeral pola merma e estragos que está a facer sobre os insectos polinizadores.

O cambio no comportamento da especie do ano 2017 ó 2018 foi radical. Mentres o ano 2017 dunha climatoloxía sen chuvias e con temperaturas inusualmente benignas no inverno, favorecía a ubicación da especie en grandes niños perto dos cursos de auga e alonxados das casas, o 2018 de clima máis adverso buscaron abeiro preto das casas e fabricaron niños pequenos menos visibles. Isto traducíuse nun maior número de accidentes con moitísimas picaduras e mesmo con mortes naquela xente que ten alerxia ó seu veneno.

Temos polo tanto que sumar ós danos anteriormente citados un novo que nos parece moito máis grave: a vida humana.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A poboación precisa estar informada, precisa saber que facer. As Consellerías seguen a pauta do escurantismo e a ineficacia baseando na inacción toda a súa estratexia e tentando desviar responsabilidades ás Deputacións e ós Concellos cando o problema é de Medio Rural e de Medio Ambiente. O ano pasado as deputacións investiron catro veces máis cá Xunta.

Non pode ser que a cidadanía afectada directamente estea buscando solucións pola súa conta utilizando métodos que por veces poden ser perigosos para a saúde humana e para o medio ambiente nin que persoal sen cualificar dos concellos, bombeiros, GES e demais implicados, sen formación específica que os capacite para a retirada de niños nin para o combate a este insecto por medio de biocidas e outras substancias perigosas estean realizando funcións que non lles competen.

É obriga das xa citadas consellerías establecer, orzamentar e coordinar liñas de investigación acordes á magnitude do problema e dar información clara e útil á poboación que evite accidentes e danos na mesma e máis no medio natural.

As declaracións da Conselleira feitas hai poucos días dicindo máis ou menos que o da velutina non tiña solución e que debiamos resignarnos a convivir con ela é inaceptable mírese desde onde se mire.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

7ª:

- Que dificultades hai para non teren creado un organismo único que coordine a estratexia de loita contra a velutina dotándoo e orzamento propio ?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
